Galicia,
a forza da palabra

CENTENARIO DA **REAL ACADEMIA GALEGA**



FUNDACIÓN CAIXAGALICIA

REAL ACADEMIA GALEGA
CALLISTI EXPURGATI IMAGO

BC 31547

O nome da institución escrito por algúns dos seus membros

Lugrís Freire / Manuel Murguía / Castelao

Francisco Tettamancy / Galo Salinas / Carballo Calero

Uxío Carré / Blanco-Amor / Manuel María

Curros Enríquez / Eduardo Pondal / Otero Pedrayo



FUNDACIÓN CAIXA GALICIA

Presidente:
Mauro Varela Pérez

Vicepresidente:
José Luis Méndez López

REAL ACADEMIA GALEGA

Comisión Executiva:
Xosé Ramón Barreiro Fernández, Presidente
Manuel González González, Secretario
Andrés Fernández-Albalat Lois, Tesoureiro
Xosé Luís Axeitos Agrelo, Arquiveiro – Bibliotecario
Salvador García-Bodaño Zunzunegui, Vicesecretario

Académicos numerarios:
Francisco Fernández del Riego
Antonio Gil Merino
Miguel Anxo Araúxo Iglesias
Andrés Torres Queiruga
Constantino García González
Francisco Xabier Río Barxa
Olga Gallego Domínguez
Xesús Alonso Montero
Xesús Ferro Ruibal
Luz Pozo Garza
Xosé Luís Franco Grande
Antón Santamarina Fernández
Xaime Illa Couto
Ramón Lorenzo Vázquez
Francisco Fernández Rei
Xosé Luís Méndez Ferrín
Xohana Torres Fernández
Xosé Neira Vilas
Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Camilo González Suárez-Llanos
Rosario Álvarez Blanco
Víctor Fernández Freixanes
Euloxio Rodríguez Ruibal
Darío Xohán Cabana Yánez
Ramón Villares Paz (académico electo)

R. 33068
Fund. Caixa Galicia > Donación 22/11/2006
RAG

EXPOSICIÓN

Comisario:
Xosé Ramón Barreiro Fernández

Coordinación:
Xosé Luís Axeitos Agrelo

Produción:
Depto. Proxectos Culturais
Fundación Caixa Galicia

Creación do proxecto:
Barro Salgado Santana
[Grupo Revisión Deseño]

Asesores:
Carme Hermida
Fernando López-Acuña López
Inmaculada López Silva
José Manuel López Vázquez
Ramón Mariño Paz
Miguel Anxo Seixas Seoane

Documentalistas:
Ricardo Axeitos Valiño
Lois Bande Barreiro
Patricia Carballal Miñán
Jacobo M. Caridad Martínez
Nélida Cosme Abollo
Mercedes Fernández-Couto Tella
Fernanda Leirós Fernández
Ana María Menéndez Rodríguez
Juan Montenegro Rey
Fernando Pereira González
Lurdes Revaldería López
Dolores Sánchez Vales

Deseño e dirección da montaxe:
Barro Salgado Santana
[Grupo Revisión Deseño]

Montaxe:
Itinere

Transporte:
JEGA
Jesús Pacheco
Manterola Hasenkamp

Seguros:
Correduría de seguros CxG
Corporación Caixa Galicia / Axa Art

CORREDURÍA DE SEGUROS
CG CORPORACIÓN CAIXAGALICIA

Deseño da imaxe promocional
e merchandising:
Barro Salgado Santana
[Grupo Revisión Deseño]

CATÁLOGO

Produción:
Depto. Publicacións e Documentación
Fundación Caixa Galicia

Deseño gráfico:
Barro Salgado Santana
[Grupo Revisión Deseño]

Fotografías:
Paco Vila
Xan Carballa
Marcos Canosa

Imprime:
Agencia Gráfica

ISBN: 84-96494-82-9
D.L.: C-2947-2006

© da edición,
Fundación Caixa Galicia, 2006
www.fundacioncaixagalicia.org

© dos textos, os autores

Agradecementos institucionais:
A Nosa Terra
Arquivo da Casa de Alba
Arquivo do Reino de Galicia
Arquivo Municipal da Coruña
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
Asociación Dorna (Illa de Arousa)
Biblioteca da Ajuda
Biblioteca da Casa do Consulado da Coruña
Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés
Biblioteca Nacional de España
Biblioteca Nacional de Lisboa
Biblioteca Pública Nodal de Lugo
Biblioteca Provincial de Ourense
Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela
Casa Museo Eduardo Pondal
Casa Museo Ramón Cabanillas
Céltiga Futbol Club (Illa de Arousa)
Cerámica Celta-La Galería
The College of Arms (London)
Fundación Breogán
Consello da Cultura Galega
Concello da Coruña
Coral de Ruada
Deputación Provincial da Coruña
Deputación Provincial de Ourense
Ediciós do Castro
Editorial Galaxia
Fundación Luís Seoane
Fundación Otero Pedrayo
Fundación Penzol
Fundación Rosalía de Castro
Fundación Vicente Risco
Gran Enciclopedia Galega
Instituto dos Arquivos Nacionais / Torre do Tombo (Lisboa)
Instituto Galego de Información
Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento
Instituto da Lingua Galega
Leche Celta, S. L.
The Morgan Library & Museum (New York)
Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón
Museo Arqueolóxico de Ourense
Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside
Museo de Belas Artes da Coruña
Museo Francisco Fernández del Riego
Museo Municipal de Vigo Quiñones de León
Museo do Pobo Galego
Museo de Pontevedra
Museo Provincial de Lugo
Real Club Celta de Vigo
Real Club Deportivo da Coruña
Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos
Seminario Conciliar de Lugo

Agradecementos particulares:
Xosé María Álvarez Cáccamo
Sonia Anllo Naveiras
Patricia Amil Edreira
Xavier Baltar
Francisco Basante
Daniel Beiras García-Sabell
Carmen Blanco
Fermín Bouza
Florencio Buján Liñares
Teresa Carballo-Calero Ramos
Ofelia Carnero
Adela Carré Brandariz
Benxamín Casal
Baldomero Cores Trasmonte
Xosé Manuel Cortizo
Xosé Manuel Cousido Suárez
César Cunqueiro González-Seco
Fina Diéguez
Carmen Domínguez Pérez
Xoán Dopico
Guillermo Escrigas
Carmen Etchevers Leiras
Daniel Fernández-Noriega Fernández
Santiago Fernández-Noriega Fernández
Manuel Ferreiro Fernández
Fernando Filgueira Iglesias
Aquilino Iglesia Ferreirós
M.ª Esther Losada
Xosé Gago Pesqueira
Lourdes García Rendal
Helena García-Sabell Tormo
Teresa García-Sabell Tormo
Saleta Goy
Raúl López Naya
José López Calo
Felipe Senén López Gómez
Manuel Lourenzo
Manuel Lugrís Rodríguez
Mª. Luísa Maceda
África Malingre
Mª. de los Ángeles Martelo de la Maza y Alende
Xulio Maside
Beatriz Martínez Barbeito
Consuelo Meirino
Xosé María Monterroso Devesa-Juega
Alfonso Monxardín
Alfonso Paz-Andrade
Carmelo Puertas Olivet
Xesús Regueiro Torres
Elba Rei
Samuel Rego
Claudio Rodríguez Fer
Juan Saco Cid
Rolando Sánchez Couceiro
Domingo Sánchez Naveira
Xulia Santiso Rolán
Xesús Santos Suárez
M.ª Rosa Saurin de la Iglesia
Laura Tato Fontaíña
Marcos Valcárcel
Xaime Valdés
Xosé Carlos Valle Pérez
Marina Vázquez de la Hermida
Paulo Vázquez Fernández de la Vega
Andrés Vicente Muñoz
Rosa Vicente Muñoz

Galicia,
a forza da palabra

CENTENARIO DA **REAL ACADEMIA GALEGA**

Fundación Caixa Galicia, A Coruña
do 16 de novembro de 2006
ao 16 de febreiro de 2007

FUNDACIÓN CAIXAGALICIA

Galicia

A conmemoración do centenario da Real Academia Galega, unha institución que xurdiu por mor de normalizar e normativizar diversos ámbitos do noso abano cultural, é un acontecemento que nos enche de fonda satisfacción. Sendo unha das celebracións máis significativas do país, a Fundación Caixa Galicia quere amosar, unha vez máis, o seu compromiso coa nosa sociedade.

Hai xa cen anos que intelectuais da sona de Manuel Murguía, Curros Enríquez ou Fontenla Leal, entre outros, levaron a termo a creación dunha entidade eminentemente cultural, aínda que en esencia centrada na lingua galega. No ano 1906, o día 30 de setembro, instituíuse a Real Academia Galega no salón da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos. Un fito na historia de Galicia que consolida as arelas longamente acariñadas por aqueles pensadores, escritores e artistas do rexurdimento. A fala e a cultura galegas acadaron, malia as adversidades vividas, un recoñecemento que chegou ata nós con renovados folgos. A creación da academia fíxose posible grazas ao traballo de persoeiros que dende a terra se esforzaron a prol dela, mais foi decisivo o papel xogado dende a emigración, dende esoutras terras nas que Galicia tiña espallados os seus. Cuba e Bos Aires foron, esencialmente, dous dos centros que máis colaboraron na súa consolidación. Foron a emigración e o exilio quen mantiveron a súa fortaleza durante os anos da ditadura. Cunha longa e complexa historia xa vivida, a senlleira institución celebra o seu centenario alicerzada nun claro proxecto de futuro.

O papel que desempeña a Real Academia Galega no contexto actual abrangue disciplinas moi diversas, aínda que, consonte as súas premisas fundacionais, a lingua constitúe un dos principais campos de traballo, como así o demostra o feito de estar recoñecida na Lei de Normalización Lingüística. De feito, as cadeiras que conforman esta institución están ocupadas por destacados persoeiros das letras galegas, que comparten o seu labor con relevantes profesionais doutras disciplinas.

A exposición e o seu correspondente catálogo queren amosar ao público algúns dos máis prezados tesouros da nosa literatura, dende as senlleiras recompilacións de cantigas medievais nos cancioneiros, ata manuscritos dalgunhas das pezas máis relevantes das letras do século XX. É, xa que logo, a conmemoración dun centenario que nos serve de vieiro para reencontrármonos co noso pasado e cos nosos devanceiros.

Dende a Fundación Caixa Galicia queremos facer chegar os nosos parabéns á Real Academia Galega por estes cen anos de vida e de esforzo a prol de Galicia, un obxectivo tamén prioritario para a nosa institución.

Mauro Varela Pérez
Presidente da Fundación Caixa Galicia

O nome do país escrito por Rosalía de Castro


Galiza

Como presidente da Real Academia Galega compráceme ofrecer á sociedade esta exposición con motivo do centenario da nosa institución.

Non é unha exposición da historia da Academia, senón do que esta simboliza: a lingua e a cultura galegas. En certa maneira a institución bótase a un lado para deixar que se faga presente a inmensa riqueza cultural do país.

No espléndido marco da Fundación Caixa Galicia, os visitantes poderán contemplar, por vez primeira, non só os testemuños daqueles documentos canónicos que marcan a historia da lingua galega, senón tamén os obxectos persoais que simbolizan as circunstancias existenciais dos nosos grandes escritores.

Esta exposición é posible grazas á xenerosidade de institucións estranxeiras, españolas e galegas, e de moitas persoas que non dubidaron en atender a nosa solicitude, desprendéndose, por un tempo, de pezas e obxectos de moi alta consideración.

Finalmente, debo recoñecer que esta exposición conmemorativa do centenario da Real Academia Galega non sería posible sen o mecenado da Fundación Caixa Galicia. Quero expresar, por conseguinte, o noso agradecemento a unha institución que ademais de levar o nome do país, forma xa parte da paisaxe económica e cultural de Galicia.

Xosé Ramón Barreiro Fernández
Presidente da Real Academia Galega

O nome do país escrito por Castelao

ÍNDICE

16 **OS SINAIS DA NOSA IDENTIDADE HISTÓRICA**
Xosé R. Barreiro Fernández Presidente da Real Academia Galega

60 **NO CENTENARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA**
Discurso conmemorativo e proceso construtivo polos lugares da memoria
Xosé Luís Axeitos Bibliotecario-arquiveiro da Real Academia Galega

71 **O DISCURSO DA CONFIGURACIÓN DO PAÍS**
72 Carral, as arelas de liberación petrificadas
76 A historiografía galega, da tradición á letra impresa
80 O celtismo, a madureza dun pobo que adopta e acepta os seus mitos culturais
84 A cultura e as artes como recuperación do orgullo nacional
90 As artes no discurso nacionalista
94 A lingua e a literatura, a responsabilidade de narrar a nación
100 A política, porque unha patria non se constrúe só con palabras
110 Escudo e mapa, como luz de navegantes
116 Bandeiras ao vento desde a emigración
124 A Academia Galega, a alta misión de institucionalizar a nosa cultura

136 **GALICIA, NACIÓN LITERARIA**

OS SINAIS DA NOSA IDENTIDADE HISTÓRICA

Xosé R. Barreiro Fernández

Presidente da Real Academia Galega

A identidade cultural non se inventa, constátase. Cando hai unha comunidade capaz de crear unha lingua e de conservala durante séculos, de dotarse de normas para regular as relacións socioeconómicas, de xerar formas propias de convivencia social, de artellar unha cosmovisión sobre a realidade e, sobre todo, cando esa comunidade ten unha clara conciencia da súa personalidade, estamos ante unha comunidade identificada culturalmente.

Nas páxinas que seguen tratamos de marcar os ritmos e os tempos dun dobre proceso: o de consolidación da identidade galega a través dos séculos e o proceso, a partir do século XIX, de descuberta desa identidade, da súa socialización como instrumento de reacción social e política, e de recoñecemento da mesma a partir do Estatuto de Galicia.

Rey de Galyce .



PARTE PRIMEIRA
Galicia crea a súa identidade

A mirada dos outros, a mirada romana

Cando os historiadores romanos narran os feitos gloriosos do seu pobo e os xeógrafos elaboran as cartas mariñas para uso de navegantes na procura de terras fornecidas de metais (a *auri sacra fames*), coinciden en situar o pobo dos *callaicos* no noroeste da Iberia, nunha terra chamada *Gallaecia* ou *Callaecia*.

A mirada romana, habituada a captar as grandes unidades sociais subxacentes no enxame de pobos que habitaban o territorio (ata trinta e seis aparecen enumerados nas fontes romanas), defínenos como un pobo, os *callaicos*, nunha terra, a Gallaecia.

Non nos crea a mirada romana, só nos recoñece. Que tiñamos xa a conciencia de pertencer a un pobo testemúñao a inscrición funeraria de Tarragona na que Q. Voconius Rufinus aparece definido como *callaecus*, natural de Gallaecia.

Dende a expedición de Décimo Junio Bruto (138 a. C.), chamado o *Galaico*, por ser, quizais, o primeiro romano que penetrou na Callaecia, en Roma xa teñen constancia de que no noroeste da Iberia a Gallaecia é unha terra a conquistar, empeño logrado por Octavio Augusto.

Contra a desmemoria os galegos preservan a identidade

Coa ruína do Imperio romano de occidente moitos pobos de Europa, paralizados institucional e socialmente pola ocupación bárbara, diluíronse na masa invasora, perderon a memoria colectiva e o seu nome foi borrado da historia. Isto non sucedeu en Galicia.

Os trinta ou trinta e cinco mil suevos que, segundo Reinhart, ocuparon Galicia foron suficientes para impoñerse a unha poboación indefensa e sen liderado político e militar, pero insuficientes para colonizar culturalmente o país.

A historia non ratificou as optimistas hipóteses da historiografía galega do século XIX que presupoñían unha afinidade racial entre o substrato céltico da poboación galega e os suevos. Paulo Orosio dinos que os suevos entraron en Galicia como inimigos e que como tales permaneceron. A sociedade galaico-romana tivo que pactar con eles, cedéndolles mediante un *foedus* terras e homes, aínda que as fronteiras sociolóxicas permaneceron polo menos ata o

Primeiro escudo de Galicia coñecido, ca. 1282, *Segar's roll*, [Ms.L. 14, f.26] College of Arms, Londres

ano 559 en que Teodomiro se converteu, el e o seu pobo, ao catolicismo. A partir deste momento a poboación galaico-romana participou na administración e o *regnum suevicum* converteuse no *regnum gallaicum* ou *regnum suevicum-gallaicum*.

A caída do imperio significou o predominio da Igrexa, única institución organizada que ademais monopolizaba o saber culto ou de distinción. A cultura galaico-romana resistía en tres focos: Braga, Lugo e Astorga, «urbs Gallaeciae», como escribiu Hidacio; tres focos de intensa vitalidade cultural sacudidos polos ventos de fronde do priscilianismo que penetrou fondamente na sociedade cristianizada. O dominio suevo non impediu, porén, a vitalidade eclesiástica, nin a circulación do pensamento teolóxico comprometido con novas formas de cristianización, o que revela a incapacidade dos suevos para someter a cultura galaico-romana.

Dous historiadores galegos, cando a Gallaecia chegaba ata o Douro, impediron a desmemoria. Hidacio, bispo de Chaves, e Paulo Orosio, posiblemente de Braga, contáronnos nas súas crónicas a historia daqueles anos.

A prosa descarnada do *Cronicón* de Hidacio descríbenos a invasión dos suevos como un castigo da Providencia. A fame, a peste, a morte violenta, os feros animais que percorren os territorios na procura de cadáveres para alimentárense son as pragas apocalípticas que asolan Galicia. Hidacio, incapaz de aceptar a realidade nin como castigo de Deus, retírase da sociedade e escribe, na súa soidade, os tristes destinos da súa patria.

O que en Hidacio evoca a frialdade do ocaso, do desespero, de quen só agarda a morte como unha liberación, en Paulo Orosio, moito máis novo, é esperanza. Paulo Orosio, que non aceptaba a invasión sueva, fuxiu para non se someter ao seu dominio e así escribiu: «a miña patria está onde está a miña lei e a miña relixión», aínda que sentía saudade da súa «señora patria» á que pensaba retornar algún día. Paulo Orosio, discípulo de santo Agostiño, lembrando as ensinanzas do mestre, interpretou a ruína de Roma en clave providencialista: sobre as cinzas do Imperio romano a Providencia construirá un novo imperio, xa non apoiado nas lexións nin na forza, senón no bispo de Roma, o centro da cristiandade. A nova cidade de Deus atraerá a todos os pobos, tamén aos feros suevos, nunha empresa espiritual e duradeira, un imperio que non terá fin.

Non hai, pois, desmemoria. A cultura romano-galaica resistiu os suevos e logo os godos, cando no ano 585 «regnum autem suevorum deletum in Gothis transfertur», segundo a lacónica frase de santo Isidro.

O monacato, instalado nos bordos da Gallaecia, reforzou aínda máis o peso cultural eclesiástico. E iso pode explicar que san Braulio, bispo de Zaragoza, escribise a san Frutuoso, no século VII, que a Gallaecia era naquel intre «magistra litterarum et ingenii».

Permaneceu, pois, a memoria de Galicia aínda que non apoiada en vitorias militares, porque fomos derrotados no Medulio polos romanos e toda a grandeza do martirio («case todos se inmolaron polo lume, coa espada ou co veleno», escribe Paulo Orosio) non pode borrar a memoria da derrota; porque fomos dominados polos suevos e posteriormente polos visigodos, que executaron en Tréveris o noso líder espiritual, Prisciliano, e os seus seguidores e discípulos foron perseguidos por toda Galicia. A nosa memoria, pois, non se nutre de vitorias. Pero resistimos culturalmente refuxiados nos cenobios e nas catedrais, sabendo que os colonizadores se non dominan o espírito ao final son derrotados.

Renunciamos á reconquista pero participamos na construción de Europa

A demolición das estruturas políticas do reino visigodo, como consecuencia da invasión árabe, posibilitou a reestruturación do espazo nos territorios non ocupados polos invasores.

A fusión entre os hispano-godos, que abandonaron as súas terras invadidas exiliándose no norte, e a poboación autóctona ástur-cántabra liderada polos señores da terra, propiciou a creación dun grupo de resistencia militar que co tempo daría orixe ao reino ástur. Xa con Afonso I (739-757) este grupo inicial de resistencia expándese atravesando Galicia ata Portugal e anexionando *de facto* o noso país a Asturias que, con Afonso II (791-842) pasa a integrarse *de facto et de iure* no xa chamado reino ástur.

Un dos obxectivos do reino ástur, no que un grupo intelectual liderado por Beato de Liébana marcaba a ideoloxía de resistencia, foi fundamentar a súa lexitimidade na tradición visigoda coma se se tratase da restauración da auténtica tradición.

Sorprende que Galicia, país liberado da invasión árabe na súa meirande parte e único que podía acreditar en exclusiva a súa condición de *regnum* da época sueva, entrase tan mansa e ancilarmente na órbita do reino ástur. As tensións xurdidas en Galicia e mesmo as rebelións de varios aristócratas, que no século XIX foron interpretadas como síntomas de independentismo fronte a Asturias, a historiografía actual redúceas a movementos de acomodación da aristocracia galega ás novas circunstancias políticas.

Cando xa o reino ástur está consolidado, recréase o reino de Galicia para situar nel un dos fillos segundóns do rei asturiano que só agardaba a morte de seu irmán para pasar a Asturias e logo a León como titular destes reinos.

Galicia foi, pois, un reino sen proxecto político propio, sen estratexias reconquistadoras, practicamente sen corte e sen fronteiras. Situouse de maneira ancilar primeiramente

xunto ao reino ástur e posteriormente xunto aos reinos de León e Castela aos que cedeu capitáns, mesnadas, barcos e recursos. Ningunha batalla decisiva da reconquista se desenvolveu en Galicia.

Cando con Afonso Enríquez (1109-1185) se constitúe o reino de Portugal, Galicia queda, desde a perspectiva militar e política, definitivamente illada. É como un reino pechado en si mesmo sen cortes, sen exércitos, sen botín de guerra, sen estandartes de vitorias. Todo este capital simbólico que marca o roteiro dun pobo militar nunca nos pertenceu.

Cun rei e unha corte afastadas do noso país e cunha aristocracia enrolada no proxecto reconquistador, explícase o predominio que a Igrexa e as súas institucións exerceron no control económico, social e político de Galicia.

Cómpre ter en conta que os intelectuais orgánicos da corte ástur, liderados por beato de Liébana, xa apostaran polo apóstolo Santiago como protector do reino con bastante antelación á *inventio* do Apóstolo arredor do ano 820. O reino ástur implora no himno litúrxico *O Dei Verbum*, composto no reinado de Mauregato (783-788), a protección de Santiago, cabeza de ouro refulxente, evanxelizador de Galicia e, por conseguinte, tamén do reino, e do que se agarda amparo contra as calamidades.

Mesmo parece que hai unha demanda urxente, desde o reino ástur, de que o Apóstolo se manifeste dalgunha forma como protector do reino que explica que, unha vez chegada a noticia da *inventio* e antes de avaliar e ponderar prudentemente a veracidade de tal información, xa Afonso II dese orde de construír unha pequena igrexa e concedese os primeiros privilexios.

Aparece, pois, a *inventio* nun contexto tan claramente politizado que todo o que vén despois, como a batalla de Clavijo, a concesión dos votos e a conversión do Apóstolo de evanxelizador en perseguidor dos infieis ou matamouros, é algo moi coherente e, en certa maneira, agardado.

Se a *inventio* favorece de forma moi directa o reino ástur, non por iso deixa de ser tamén un apoio para toda a cristiandade e especialmente para o papa e para o imperio dos carolinxios.

Estaba empeñado o papado en soster e consolidar o Sacro Romano Imperio, iniciado con Carlomagno, o chamado *pater Europeae*, que recuperaba simbolicamente a unidade do Imperio Romano. Á morte de Carlomagno no ano 814 percibíronse deseguida os signos da crise política do novo imperio, en boa parte debida á debilidade dos seus sucesores. Para atallala, Eginardo, Hincmaro de Reims e Notkev, monxe de Saint Gall, elaboraron biografías do emperador coa intención de que o seu exemplo e modelo fose proseguido polos seus con-

tinuadores. Son, pois, biografías pedagóxicas e exemplarizantes nas que é inútil buscar a veracidade histórica porque a intención era claramente outra.

É a través destas biografías como o fenómeno xacobeo entra no ciclo carolinxio e penetra culturalmente en toda Europa.

Aínda que a *inventio* xorde despois da morte de Carlomagno, non é inconveniente para que os biógrafos aludan a unha aparición do Apóstolo ao emperador pregándolle que reconquiste e recristianice Hispania, daquela en poder dos infieis. O emperador cumpre a súa promesa, penetra en España e, seguindo a vía láctea, o camiño das estrelas, chega a Santiago e reza ante o sartego do Apóstolo. Outras versións do mesmo feito refiren que o emperador cumpre a promesa pero non pode chegar a Santiago.

Temos xa ao Apóstolo, e a Galicia, terra privilexiada por conservar o sartego apostólico, no centro mesmo do ciclo carolinxio, circulando en forma histórica ou épica por toda Europa, invitando a todos os cristiáns de todas as cultura, razas e linguas a iniciar o camiño. Fose o franco Bretenaldo, o primeiro peregrino (920) ou o bispo Gotescalco de Le Puy (950), o certo é que xa desde o século IX a peregrinación a Santiago estaba ben asentada, como así se desprende da lectura das páxinas do *Martiroloxio* do monxe Usuardo, falecido en 860, onde se di que «os restos de Santiago, trasladados a España e depositados na súa parte occidental, cara ao mar británico, son obxecto dunha grandísima veneración da xente».

Os historiadores da unidade europea salientan o papel decisivo do Camiño na construción de Europa, xa que este atravesaba as fronteiras dos reinos, comunicaba en todas as direccións os achados científicos e culturais, poñía de manifesto a potestade espiritual do pontífice sobre os reinos e os reis, sentaba as bases das treguas nas guerras entre reinos e poñía unha pinga, polo menos, de espiritualidade nun mundo no que a violencia parecía ser o valor máis cotizado.

Esta foi a nosa principal contribución a Europa.

A forza dunha cultura: a lírica medieval galega

Afastada Galicia do epicentro da vida política do reino de Castela, sen unha corte real na que se asentaren os poetas e intelectuais, sen universidade, nin colexios, a lingua galega converteuse nos séculos XII-XIV na lingua da cultura e moi especialmente na lingua da poesía. Recoñecíao o marqués de Santillana na carta ao condestable de Portugal (século XV):

> Non ha mucho tiempo qualesquier deçidores e trovadores destas partes, agora fuesen castellanos, andaluces o de la Extremadura, todas sus obras componían en lengua gallega o portuguesa.

Protexidos nas Cortes de Fernando III, de Afonso X, de Sancho IV ou de D. Denís de Portugal, ou trotando polos camiños, os 153 xograres e trobadores galego-portugueses identificados por G. Tavani, deixáronnos un denso corpus poético nunha lingua ennobrecida por eles pero fondamente arraigada no noso pobo.

Lingua de reis como Afonso X, que nas *Cantigas de Santa María* nos deixou o mellor monumento medieval da nosa lingua. Lingua de aristócratas como o grande almirante Paio Gomez Chariño; de cabaleiros e nobres como Martin Anes, Eanes Marinho, Osorio Anes, Fernán d'Esquío, Afons Eanes do Cotón, Roi Páez; de clérigos como Roi Fernández, Pae da Cana, Pedro Amigo ou Airas Nunes; dos xograres Mendiño, Martin Codax, Johan de Cangas, Pero Meogo, Bernal de Bonaval e tantos outros.

A lírica galego-portuguesa, tras a morte do conde de Barcelos (1354), derradeiro protector dos poetas, entra en crise.

Non se explicaba Carolina Michäelis a paralización dun xénero literario nun pobo tan ben dotado para a lírica e, sobre todo, cando estaba en pleno desenvolvemento. Algo importante, di ela, debeu de suceder para tan súbita paralización.

O que estaba a suceder era o inicio dun proceso de centralización administrativa, política e cultural da que foi responsable o propio Afonso X.

A restauración do dereito romano e unha basta manipulación da *Lex regia* da que só se tomou a primeira parte «quod Principi placuit legis habet vigorem» reforzou tanto o poder da monarquía que se traduciu nunha centralización administrativa e política. Moitos anos antes dos Reis Católicos, Afonso X puxo os cimentos do poder absoluto rexio a través da promulgación dunha serie de códigos e leis como foron o foro real, as sete partidas, a lei da mesta, as leis para os adiantados, o ordenamento das tafurarías, etcétera.

Para reforzar o papel de Castela, como reino central da monarquía, impuxo o seu idioma como lingua do reino e da administración. O idioma galego que tan perfectamente coñecía o rei, que lle servira para escribir unha das obras máis importantes da nosa lingua, foi desaparecendo do uso social na Corte de Castela.

As opcións dun rei e xa non digamos as súas decisións tiñan un efecto social inmediato. A Corte estaba formada por centos de meritorios que en canto albiscan que muda a vontade do monarca son os primeiros en desertar do uso habitual dunha lingua e sen contradición


Galicia

ningunha pasar a outra. O poder exemplarizante e simbólico das decisións reais arrastra tras si a turba anónima e vulgar. Os trobadores e xograres non desaparecen, sobreviven como poden, pero non atopan acubillo nos pazos da aristocracia nin quen coleccione e seleccione as súas obras en cancioneiros.

A perda da lírica galega, do idioma galego como lingua de distinción na Corte veu acompañada doutras agresións para o reino de Galicia, sendo a máis grave a eliminación do dereito do reino a ter representantes das cidades nas Cortes de España. Galicia estivo representada nas Cortes de Zamora (1301), nas de Burgos (1315), na de Carrión (1317) e nas de Madrid (1327). Pero cando nas Cortes de Alcalá (1348) se regula o número de cidades con dereito a voto, xa non aparece Galicia e figura Zamora ostentando a nosa representación.

O reino de Galicia non estivo presente nin representado ata o século XVII en que compramos con dobróns o dereito a estar representados. Para entón xa as Cortes perderan a súa capacidade e eficacia e xa só eran unha fanfarra que tocaba ao unísono as glorias do poder absoluto do monarca.

A doma de Galicia

> De Ponferrada se fueron el Rey y la Reina en romería a visitar la iglesia y sepulcro del bienaventurado Apóstol Santiago [...] en aquel tiempo se comenzó a domar aquella tierra de Galicia, porque no sólo los señores y caballeros della, pero todas las gentes de aquella nación eran unos contra otros muy arriscados y guerreros y [...] se fueron allanando y reduciendo a las leyes de justicia con rigor del castigo.

Así comenta Jerónimo Zurita, no capítulo 69 do libro XX dos *Anales de la Corona de Aragón*, a viaxe dos Reis Católicos a Galicia no ano 1487.

Certamente a situación de Galicia precisaba remedio.

Todo se iniciara, en boa parte, no ano 1369 cando Henrique II asasinou o seu irmán Pedro I, en Montiel. A vella aristocracia galega, fiel a D. Pedro, inicia o seu declive a favor dunha nova aristocracia introducida grazas ás mercés do rei D. Henrique II. É o momento dos Andrade, dos Castros, Sarmiento, Ulloa, Moscoso, etcétera. Unha aristocracia con fame de poder económico e de poder político, que non reparou en entrar a saco nos bens dos mosteiros, das mesas capitulares e das mitras, e cando atoparon resistencia non dubidaron en lanzarse sobre os bens dos campesiños. Chegara a hora dos falcóns dispostos a caer sobre calquera presa.

No ano 1455 o papa Calixto III excomungounos, o mesmo que Paulo II, pero aqueles recios nobres non obedecían nin ao rei, nin ao papa nin respectaban a Deus. Por iso escribiu o P. Román:

> En el reinado de Enrique IV había poca justicia en Castilla y ninguna en Galicia, por lo cual era necesario que cada uno defendiese su casa y su vida con la lanza en la mano.

Iso é o que explica as revoltas dos irmandiños, poderoso movemento popular, de carácter antiseñorial. O feito de derrubar as fortalezas señoriais demostra contra quen ían os irmandiños.

Os Reis Católicos, empeñados na guerra de Granada, sabían moi ben que en Galicia existía unha situación de violencia instalada que era preciso extirpar. Executaron a Pardo de Cela, un dos aristócratas máis crueis na guerra irmandiña, Pedro Madruga tivo que exiliarse e someteron a toda a nobreza á que *invitan* a abandonar Galicia e a enrolarse na guerra de Granada e na administración do Estado.

Logo montan un dispositivo administrativo e xudicial (a Real Audiencia de Galicia, presidida polo capitán xeral) de carácter centralista, sometendo á Coroa e aos seus delegados todo o poder temporal antes en mans da aristocracia.

Reafirman a oficialidade da lingua castelá como lingua da administración, e desta forma o vello reino de Galicia, sen perder a súa condición histórica de reino, pasa a converterse nunha gran provincia de Castela.

O que Galicia perdeu en identidade posiblemente o gañaron os súbditos en seguridade e paz social.

A construción do imaxinario castelán: Reino e lingua

Nunha época en que o sangue e a antigüidade son criterios de dignidade e preeminencia social non se podía tolerar que Castela, que xa dominaba os antigos reinos de Galicia, Asturias e León, que acababa de poñer un pé en América e que era mirada con respecto nas chancelerías de Europa, carecese de historia propia, porque a historia do reino de Castela iníciase en 1038 e non procede dun antigo reino senón dun condado.

O rei Fernando capta deseguida o problema e, sen escrúpulos, compromete unha serie de intelectuais para que inventen unha historia gloriosa de Castela.

O converso Pablo de Santa María na súa crónica *Las siete edades del mundo* sitúa en

Castela a Hércules que vén para «liberar al pueblo castellano». O seu fillo Afonso García de Santa María, bispo de Burgos, completa a idea de seu pai afirmando que

> [...] ante de Hercoles ouo reyes en Castilla e assi Gerion rey de España o mas propiamente fablando rey de Castilla... e assí el regno de Castilla es de los mas antiguos regnos del mundo.

Outros historiadores, como Annio de Viterbo, encargáronse de inventar as sucesións de reis de Castela desde Adán ata Fernando e Sabela. Esta especie pseudohistórica foi continuada por outros historiadores sen escrúpulos como Florián de Ocampo, Pedro de Medina, Garibay, etcétera, e así quedou rematada a construción dun imaxinario sobre o reino de Castela que recibira da Providencia «Hispaniam restaurare et recuperare», como escribe Afonso García de Santa María na súa obra *Anaecepheosis*.

Inventada a historia era preciso reafirmar, como dicía Nebrija, o castelán como lingua do imperio, lingua que desta maneira asumía un papel político decisivo.

Non abondaba coa estrutura administrativa centralista, era necesario, ademais, iniciar un proceso en que todas as culturas e linguas fosen asimiladas pola cultura e a lingua oficiais. Pecharíase así o proceso de unificación e centralización, do que en boa medida se vai encargar a Corte.

O remate da reconquista xa posibilita que o reino teña unha capital na que se concentra a alta administración, onde a aristocracia constrúe os seus pazos, a onde acoden todos os pretendentes de oficios, onde se constrúe a opinión pública oficial que logo discorre por provincias e onde os escritores, e moi especialmente os dramaturgos, teñen nas corralas garantido o éxito se son capaces de producir o riso ou a gargallada.

Nunha Corte de dimensións reducidas os mecanismos de asimilación cultural funcionan eficazmente sexa por medio dunha literatura de extraordinaria capacidade creativa, como sucedeu co século de ouro, sen contradición ou alternativa lingüística posible, sexa a través do sarcasmo e da ironía creando na mente popular estereotipos que se reproducen en cada comedia e que van constituíndo unha *cultura* na masa, que inconscientemente apoia uns valores e rexeita outros.

Unha moi estudada estratexia, da que descoñecemos onde naceu e quen a apadriñou, encargouse de menosprezar todos os pobos: asturianos, vascos, montañeses, cataláns, valencianos, andaluces, etcétera, tal e como demostrou Miguel Herrero García nun fermoso libro publicado en 1928, *Ideas de los españoles del siglo XVII*. Un menosprezo que só

pode explicarse como un castigo contra unha serie de comunidades que se resistían ao proceso de asimilación imposto a todos os niveis, pero executado eficazmente desde a Corte da monarquía.

Vilipendio e menosprezo de Galicia

Sen antecedentes nas crónicas, nin nos refraneiros, nin no teatro ou na poesía medievais, repentinamente no século XVI e durante todo o século XVII propágase pola Corte unha literatura de menosprezo dos galegos e de Galicia. En novelas e, sobre todo, no teatro e na poesía fálase da mesquindade e da infidelidade dos criados galegos, de ladroízo e putería das serventas galegas e, sobre todo, da sucidade galega.

Calquera podería pensar que estamos ante un recurso literario para producir a risada do lector, pero unha análise máis atenta descobre que se está inventando un imaxinario no que todo o que se refire a Galicia e aos galegos ten un tratamento vil. A falsidade galega está tan petrificada nese imaxinario que as mulas que falsean son chamadas *mulas gallegas* e *coz galiciana* ou *coz gallega* significan a falsidade por antonomasia.

Proceder de Galicia leva aparellada unha mancha de nacemento que xa non se pode borrar. O pícaro Estebanillo González (1646) é fillo dun galego e dunha muller romana, por iso se considera un centauro «parte de hombre por lo que tengo de Roma y la parte de rocín por lo que me tocó de Galicia».

Para Vicente Espinel (1550-1624) Galicia é «el rabo de Castilla [...] servidumbre de Asturias [...] y albañal de Portugal», eufemismos para significar que Galicia é un depósito de inmundicias porque non é máis que o cu de Castela.

A insistencia na sucidade dos galegos, ou mellor na falta de limpeza, tema recorrente en Lope de Vega, Calderón de la Barca, Cervantes, Quevedo e Góngora, foise cargando de connotacións sociopolíticas, posto que baixo a imaxe da falta de limpeza comezou a perfilarse o tópico da impureza da raza galega, circunstancia que nos aproximaría aos mouros.

En *La ingeniosa Elena* (1614) de Salas Barbadillo, a protagonista é filla dun galego e dunha mourisca. A nai de Elena que se resistira a casar cun cristián, aceptou facelo cun galego «por parecelle que entre ellos y los moriscos la diferencia no es considerable».

Fixémonos en como se foi pechando o proceso: da sucidade dos galegos pasouse sibilinamente á locución da falta de limpeza como equivalente da impureza do sangue. Só falta xa que se inicie o proceso de expulsión de España dunha raza impura, coma a dos mouriscos,

que motivou o decreto de Filipe III en 1609 «para que todos estos reinos de España queden tan puros y limpios de esta gente [os mouriscos] como conviene».

Non debe estrañar, pois, que tanto no refraneiro de Correas, como en Quevedo e Lope aparezan expresións como *antes puto que gallego* ou mesmo *antes moro que gallego*, ou que Cervantes escribise «que los gallegos no se colocan en predicamento [é dicir, non se valoran] porque no son alguien», non eramos ninguén.

É inútil proseguir esta ladaíña de insultos e menosprezos. O lector preocupado polo tema poderá atopar unha boa restra deles na obra de Xesús Caramés, *A imaxe de Galicia e os galegos na literatura castelá*.

Ante a pasiva resistencia a unha asimilación cultural e social, a resposta é a marxinación, o vilipendio e o menosprezo, armas ben afiadas para producir a crise da autoestima dun pobo, porque —pensarían os galegos— algo teremos cando falan así de nós.

A resposta da aristocracia

Nun principio a aristocracia galega residente na Corte non tomou en consideración as aldraxes por entender que se referían aos serventes, criados, e demais xente de baixa calidade, pero cando o vilipendio subiu de ton e xa se puxo en dúbida a limpeza do sangue dos galegos, a aristocracia sentiuse afectada. O sector máis culto, é dicir, o máis minoritario da aristocracia, entendeu que era necesario parar aquela fervenza de groserías.

D. Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar, embaixador do rei na Gran Bretaña, amosa nas súas cartas a D. Andrés de Prada, tamén galego, e secretario de Estado, a súa carraxe polo tratamento que se lles dá a Galicia e aos galegos en diversas obras. Pero a incidencia dos escritos do conde foi nula ao verter o seu furor en cartas privadas, que serviron logo para admiralo pero no momento non tiveron eficacia ningunha.

Distinta foi a reacción do conde de Lemos, D. Pedro Fernández Castro, presunto autor da obra anónima *El buho gallego* que debeu de aparecer a mediados do século XVII.

Estamos ante unha interesante peza de literatura política na que se amosa o compromiso coa dignidade de Galicia e se escribe non para dar resposta á literatura de menosprezo senón para saír ao paso do embuste sobre a nosa proximidade aos mouros e a conseguinte mancha de sangue que tal achegamento parecía afectarnos. O conde de Lemos ve en todo este feito un ataque á españolidade de Galicia e dos galegos e iso, e só iso, era o que pretendía refutar. Por conseguinte, todas as interpretacións que se lle deron a esta peza

a favor da galeguidade, en realidade convértense nun argumento a favor da españolidade de Galicia.

Abondando nesta hipótese cómpre salientar que no canto de atacar aos escritores da Corte (tan ben relacionados co conde ao que lle dedicaban sonetos, libros, etcétera, a cambio da súa protección) orienta os seus argumentos contra os demais pobos acusándoos do mesmo que se acusaba a Galicia: de escasa e non moi fiable españolidade.

Ao renunciar a unha estratexia de solidariedade cos demais pobos tamén acusados desde a Corte, e ao negarse a liderar unha acción contra os escritores cortesáns, o conde desorientou voluntariamente a súa crítica, perdendo así toda a súa eficacia.

Representando os distintos pobos de España por medio de aves, finxe unha especie de Cortes convocadas por unha «manada de tordos o sanchicos [...] que cantaban en vascuence». Foi así como se axuntaron os tordos biscaíños, os lagarteiros navarros, os cucos aragoneses, o bexato catalán, as merlas valencianas, as andoriñas de Murcia, o pavo andaluz, o xílgaro portugués, o ganso castelán, o sisón manchego e o bufo galego. Presidía a xunta a aguia real. A intención dos tordos era que o bufo abandonase o prado no que aniñaba coas demais aves.

Fala o bufo e presenta os seus argumentos nos que pon de manifesto a grandeza das catedrais e templos de Galicia, as súas riquezas, o valor das súas xentes, do que se segue «que Galicia, mi patria, es la mejor de España por ser cabo y cabeza desta cabeza», é dicir, que a grandeza da Coroa procede do feito de ser herdeira do reino de Galicia.

En Galicia non penetraron os mouros grazas á resistencia que se lles opuxo e iso explica que a súa procedencia, e a da aristocracia galega, sexa limpa, concluíndo que por iso «el buho gallego de todas las demás aves desta junta es el legítimo y verdadero español y quien más derecho tiene a este nombre».

Asentado isto, inicia o ataque aos demais pobos: os vascos están contaminados polos escravos xudeus que trouxeron os godos e que é o que explica a rareza do éuscaro. Logo refírese aos outros: «Aragón y haragán no difiere en nada» e así por lacazáns permitiron que os mouros os dominasen centos de anos. Dos cataláns di que son aves de rapina e con iso basta. Os lagarteiros navarros son paxaros que nunca se sabe onde están, aludindo á súa indiferenza a ser españois ou franceses. Das merlas valencianas basta dicir que son aves africanas (é dicir, mouras). Respecta as andoriñas murcianas porque a pesar de que son tamén africanas, naquela terra hai moitas liñaxes galegas. O mesmo escribe dos xílgaros portugueses porque son os nosos veciños «y los finos salieron de mi patria y antes dél recibo gusto que daño alguno». Tamén respecta o ganso castelán e o sisón manchego porque deles «no recibo

agravio sino buen trato y hospedaje» para rematar co pavo andaluz que precisou do bufo galego «para la quietud de la tierra, enseñanza en la fe, y suxección a su Rey».

Basta ler o que escribe dos casteláns para comprender as presións que determinaron esta desnortada peza política, que produciu ducias de airadas respostas procedentes do País Vasco e doutros lugares.

A nosa aristocracia, practicamente toda ela nacida na Corte, perdera os seus referentes galegos e apenas lle doía xa a inmundicia literaria escrita contra Galicia.

Os intelectuais e a apoloxía de Galicia

Cando no ano 1550 Bartolomé Sagrario Molina decide publicar en Mondoñedo a súa *Descripción del Reyno de Galicia,* non dubida en denunciar a literatura antigalega.

> Hablar de Galicia y a quien la sublima
> allá en otras partes por burla se toma
> no hable del Papa quien nunca fue a Roma
> .....
> Por eso Galizia, la harta y la plena
> aquellos que hablan de ti por detrás
> te deven tocar como sancto Thomas
> para juzgarte de mala o de buena.

Tanto Molina coma os demais intelectuais elevan o nivel da súa apoloxía. Descoñecen ou desprezan a literatura antigalega e expoñen só aqueles argumentos nos que, ao seu entender, se debe apoiar a dignidade do reino de Galicia.

Do agostiñismo e, sobre todo, da teoloxía da historia medieval procedía a idea de que a historia non era un *continuum* porque todo o que precede a Cristo non foi máis que unha preparación. A división tripartita da historia (tempo da lei natural, tempo da Escritura e tempo da graza —Cristo—) é a máis usual nos historiadores daquel período. Con Cristo aparecía no mundo a nova historia.

Os historiadores galegos intúen as posibilidades que ofrece este esquema para a dignificación de Galicia.

Xa que a nova historia se inicia co cristianismo, Galicia foi o primeiro reino cristianiza-

do non só pola predicación do Apóstolo senón tamén porque o reino suevo foi o primeiro reino cristián do mundo. Por iso escribe frei Hernando de Ojea, na súa *Historia del glorioso Apóstol Santiago* (1615) que Galicia tivo «el primer reyno christinao que huvo en España».

O xesuíta Álvarez de Sotelo na súa aínda inédita *Historia General del Reyno de Galicia*, ademais de insistir na mesma idea de Hernando de Ojea, engade que o rei de Castela é o máis antigo de toda Europa e por iso debe presidir nos concilios aos demais reis do mundo, porque herdou o reino de Galicia, o máis antigo da cristiandade, e segue sendo titular deste reino.

Na mesma idea insiste frei Felipe de la Gándara que, na súa obra *El cisne occidental canta las palmas y triunfos eclesiásticos del Reino de Galicia,* titula o capítulo XV, do tomo segundo: «Que los reyes de España, por serlo de Galicia, deben preceder a todos los de la christiandad».

Os historiadores de Galicia, habilmente, non se enfrontan á inventada historia de Castela nin denuncian a súa falsidade, limítanse sinxelamente a deixar constancia de que a continuidade dos reis, ata os actuais, procede da monarquía sueva e dos reis de Galicia.

Ademais deste argumento, os historiadores recorren á protección do Apóstolo, ás armas e reinos cristiáns. Aínda que o Apóstolo exerce o padroado sobre toda España, e por iso Castellá Ferrer lle atribúe o título de *capitán general de las Españas* e o xesuíta galego Pascasio de Seguín o de *general de sus ejércitos*, a realidade é que o Apóstolo por designación propia ou divina evanxelizou Galicia e elixiu a terra galega para ser enterrado.

Galicia, dalgunha maneira, debe sentirse acredora ao agradecemento de toda España. Porque de acordo con frei Felipe de la Gándara, o Apóstolo estivo presente coa súa protección nas 3709 batallas gañadas polos cristiáns aos mouros, pero ademais o Apóstolo protexeu as armas de España en Italia, nos Países Baixos e en América. Unha protección que non se inicia na batalla de Clavijo, como se dicía, senón na época sueva, unha vez que estes se converteron ao cristianismo, como asegura Huerta en *Anales del Reino de Galicia*.

Cos argumentos da época, os nosos historiadores pretenderon reafirmar a autoestima do pobo galego, o reino máis antigo de España e «Primogénita de la Iglesia entre las gentes» como dicía desde México Pascasio de Seguín.

A fidalguía asume a representación e defensa de Galicia

A nosa aristocracia, aínda que percibe puntualmente as rendas forais, as lutuosas e os dereitos señoriais, está moito máis pendente das oportunidades que lle pode ofrecer a Corte na que vive. Nunhas economías desestabilizadas, como as da aristocracia, que teñen que vivir ao

alto ritmo que impón a proximidade á realeza, a posibilidade de obter unha praza nun consello, unha gobernaduría e xa non digamos un virreinato, é a súa máxima aspiración. Desleigados da súa terra xa non senten como propias nin as glorias nin as derrotas de Galicia.

Como ningún pobo pode organizarse sen unha clase dirixente, o baleiro deixado pola aristocracia ausente na Corte vai a ser ocupado por unha nova clase emerxente: a fidalguía.

Nas orixes deste grupo social, formado entre os séculos XVI e XVIII, están escribáns, xuíces, cóengos, comerciantes, emigrados con fortuna, algúns campesiños ricos e capitáns de terzos, que ao xubilarse traen un capital logrado non coas soldadas senón cos botíns de guerra.

É, pois, unha clase social nacida en Galicia que exerce unha perfecta endogamia matrimonial e cunha moi clara conciencia do poder que teñen.

Paseniñamente a fidalguía foi ocupando todas as parcelas de poder: controlan o poder local das sete principais cidades de Galicia e o poder municipal das vilas, obteñen a representación do reino na Xunta de Galicia, órgano que comeza a funcionar en 1528, controlan todo o aparato administrativo e xudicial, os correxementos e señoríos xurisdicionais, penetran no tecido eclesiástico monopolizando as rendas das dignidades, coenxías, capelanías de sangue, converten os colexios de Fonseca e San Clemente (fundados para estudantes pobres) en casas de formación gratuíta para os seus fillos, dispoñen das cátedras universitarias e, por último, xa no século XVIII, monopolizan os mandos militares dos rexementos provinciais.

A fidalguía que conseguiu conciliar os propios intereses de clase, especialmente económicos, cos intereses xerais de Galicia foi reformulando o seu discurso teórico de acordo coas demandas da poboación galega sempre que coincidisen cos seus propios intereses. Comprenderon desde o primeiro momento que eles tiñan que ser a voz dos que non a tiñan.

Defendendo os seus intereses e os dos campesiños, os fidalgos obtiveron coa Real Cédula de Carlos III de 1763 a perpetuación do sistema foral fronte ás pretensións dos mosteiros e dalgún aristócrata. Aproveitando o movemento ilustrado no que se integraron constituíndo as sociedades económicas, o Real Consulado ou a Xunta de Agricultura, reformularon unha vez máis as demandas da nosa economía. A obra de Lucas Labrada, *Descripción económica del Reino de Galicia* (1804), radiografía non moi optimista da nosa economía, permitíanos por primeira vez dispoñer das estatísticas que conformaban a situación. Con anterioridade, unha serie de fidalgos ilustrados, que intuían esta realidade, avanzaron informes e memorias para corrixir a situación, entre os que podemos citar as memorias, especialmente sobre a pesca, de Cornide Saavedra; o informe do cóengo Pedro Antonio Sánchez para fomentar

as fábricas de surtidos, o fomento do gando e a canalización do Miño para posibilitar a navegación comercial; as memorias de Cónsul Jove sobre a hidráulica rústica e a composición das terras; as obras de Vicente do Seixo sobre a agricultura práctica; o traballo sobre a reforma do sistema facendístico de Juan José Caamaño Pardo; a necesidade de crear fábricas de papel que redacta Verea y Aguiar, etcétera.

Un grupo destes fidalgos ilustrados afondaría aínda máis na nosa realidade social xa que entendía que, xunto ás reformas económicas, era preciso remediar outros *estorbos* que se traducían nunha minoración da nosa personalidade colectiva e que xa estaban instalados na mente e na conciencia dos galegos. Isto levaríaos a construír un discurso reivindicativo no que o fundamental sería a defensa dos nosos dereitos e da nosa cultura.

Para eles, Galicia ten unha entidade sociopolítica, porque é un *reino*, unha *patria*, unha *nación propia*. Evidentemente estamos só ante unha constatación de carácter prepolítico que era a onde se podía chegar cripticamente nunha monarquía absoluta.

Por iso Somoza de Monsoriu escribe na súa obra *Estorvos i remedios de la riqueza de Galicia: discurso legal* (1775) que o deputado permanente que Galicia ten na Corte «es un embajador de una Nación. Es quien sostiene sus privilegios. Es quien solicita todas sus glorias y es, en una palabra, la columna más firme de sus dichas», por iso «la Nación nunca debe escasearle caudales algunos, abonándole lo que llamamos gastos secretos para la facilidad de sus pretensiones».

Porque Galicia é un reino, unha nación, entenden os ilustrados que temos dereito a rexeitar a colonización catalá das nosas costas. Describe Cornide a situación con furor e así indica que se presentan os cataláns, holandeses do mediodía, homes especuladores de operacións dirixidas só polo seu interese, que se espallan pola costa ocupando a máis pequena enseada e producindo a ruína da nosa pesca, abusando da sinxeleza dos nosos mariñeiros, empeñándoos en contratos que causan a súa ruína e anticipándolles viños e augardente, viciando deste xeito os seus costumes e fomentando a ociosidade. En forma parecida maniféstase Somoza de Monsoriu:

> Estraen anualmente crecida porción de sardina cuyo interés refundido en el Reino [Galicia] pudiera facilitarle progresos muy útiles [...]. El interés que por la venta tributan [aos mariñeiros] lo vuelven a recibir con otra mano por el vino que les benefician.

E conclúe:

> Los gallegos pobres [quedan] mirando, desde sus casas, caminar para el bolsillo de los extraños lo que debiera ser mayorazgo de sus familias. Cataluña quedará poderosa, pero Galicia muy miserable.

Nesta revisión a fondo que os ilustrados fan da realidade da nosa terra é natural que se atoparan coa lingua galega como expresión dunha cultura propia.

Xa a comezos do século XVIII, antes, por conseguinte, da irrupción da Ilustración, o P. Álvarez de Sotelo na súa *Historia General del Reyno de Galicia* lamentaba a opresión que exercía a lingua castelá sobre a lingua galega, que se vía agravada polo feito de que «no se imprimen libros en ella, porque los escritores españoles de todas las Naciones que componen esta Monarchia, escriben en la castellana».

O P. Sarmiento é quen, con maior caudal de información e paixón patriótica denuncia a opresión da lingua galega.

> No pocas veces he pensado en cuál ha sido la causa de que en Galicia se haya introducido el uso o abuso de escribir en castellano lo que antes se escribía en latín o en gallego [...] ¿Quién lo introdujo? La respuesta está patente [...] no los gallegos sino los no gallegos que a los principios del siglo XVI inundaron el Reino de Galicia, no para cultivar sus tierras sino para hacerse carne y sangre de las mejores y para cargar con los más pingües empleos, así eclesiásticos como civiles. Estos han sido los que por no saber la lengua gallega ni por palabra ni por escrito, han introducido la monstruosidad de escribir en castellano para los que no saben sino el gallego puro.

O P. Sarmiento refírese aos cambios que experimenta Galicia a partir dos Reis Católicos cando, por desconfianza sobre os naturais de Galicia, introduciron nos postos máis importantes (arcebispado e bispados, capitanías xerais, oidorías das audiencias, etcétera) persoas alleas por completo a Galicia.

O P. Sarmiento non quere escribir un epitafio sobre a lingua galega, porque el ben coñecía que era unha lingua viva pero non escrita. Para resolver a cuestión fai unha serie de propostas pedagóxicas comezando polo ensino das primeiras letras en galego.

A insistencia de Sarmiento na necesidade de que os párrocos e os xuíces coñezan a lingua non é unha teima oposta ao pensamento ilustrado posto que unha das características da Ilustración española é o utilitarismo e, en razón deste principio, Sarmiento reclama o

coñecemento da nosa lingua para todas as autoridades que teñan que tratar e relacionarse cos paisanos galegos.

Este mesmo principio tamén está presente noutros ilustrados. O xurisconsulto don Vicente Álvarez de Neira, avogado da Real Audiencia, eleva un informe á Xunta do Reino para que solicite do arcebispo de Santiago que «confiera las piezas eclesiásticas vacantes» aos naturais de Galicia, sen dúbida pola mesma razón reclamada por Sarmiento.

Sen tanta ciencia pero con idéntica paixón patriótica, o primeiro cura de Fruime, don Diego Antonio Zernadas y Castro (1698-1777), redacta memoriais, representacións e centos de poesías en castelán e galego, nas que predomina a apoloxía de Galicia. A maior parte da súa produción foi recollida tras a súa morte nos sete volumes das *Obras en prosa y verso del cura de Fruime* (1778-1781).


Galicia

PARTE SEGUNDA
Galicia descobre a súa identidade

Galicia entrou no século XVIII cun pobo masivamente fiel á súa propia identidade: lingua, costumes, formas orgánicas de sociabilidade propias, discurso mental precientífico, etcétera. A escasa densidade de poboación urbana apenas podía modificar a inercia cultural da gran masa social labrega e mariñeira. A intelectualidade, afastada da vida do pobo, construía un discurso defendendo a dignidade de Galicia, que se ben estaba próximo ás correntes intelectuais do momento, estaba arredado da cultura do pobo.

Os pronunciamentos dos nosos ilustrados que se refixeron varias preguntas sobre a economía, a historia, a lingua e a cultura galegas, careceron dunha proxección sociopolítica, e aínda que non estaban enmarcados nunha teorización sobre Galicia como unidade cultural e menos política, serviron para abrir os ollos a non poucos galegos sementando dúbidas, abrindo interrogantes e convencendo a moitos que, ao cabo de poucos anos, e xa noutra estrutura ideolóxica e política, volveron formular as mesmas cuestións.

O Estado liberal

Cando os historiadores estudamos a revolución liberal e salientamos os seus capítulos máis significativos (constitución, parlamentarismo, eleccións, partidos políticos, etcétera), adoitamos silenciar a outra revolución, a revolución social, que se verifica día a día en todos os lugares do Estado. Referímonos á liberdade económica, á liberdade política, á liberdade da prensa, aos novos valores sociais como a competitividade, o aforro, o traballo, ao mercado de postos ou oficios a desempeñar que xa non están coutados por privilexios de sangue senón a libre disposición dos mellores. Todo isto foi tamén produto da revolución liberal e explica a lentitude do proceso vivido, porque as clases poderosas defenderon os seus privilexios e retardaron o proceso.

A revolución liberal iniciada nas Cortes de Cádiz levaba consigo a marca de orixe francesa. Soñaban con conseguir o que A. Tocqueville captou con extraordinaria sutileza na revolución francesa:

> Apercibireis un poder central inmenso que ha atraido y absorbido en su unidad todas las parcelas de autoridad e influencia que estaban antes dispersas en una multitud de poderes secundarios, de estamentos, de clases, de profesiones, de familias e individuos y como esparcidas por todo el cuerpo social. No se había visto en el mundo un poder semejante desde la caída del Imperio Romano.

Un poder central inmenso foi tamén a utopía dos liberais *doceañistas*, dos liberais do trienio e dos que desde 1834 construíron o novo Estado liberal. Un poder central tal que o Estado debía funcionar como unha máquina enxeñosa e sabia na que as grandes rodas da administración movesen as medianas e estas, á súa vez, fixesen xirar as máis pequenas, pero todas arredor dun eixe central.

Don Manuel Colmeiro, un dos grandes teóricos do dereito administrativo liberal, explicaba como concibía a centralización:

> La centralización administrativa es la concentración en el poder ejecutivo de cuantas fuerzas son necesarias para dirigir los intereses comunes de una manera uniforme. La centralización es la unidad en la nación y en el poder o la unidad en el territorio, en la legislación y en el gobierno. Centralizar es someter a todas las personas y todos los intereses a la ley de la igualdad [...] y al mismo tiempo establecer una regla de orden imprimiéndoles a las fuerzas sociales una dirección única y robusteciendo el poder.

Pero se das grandes panorámicas teóricas descendemos á realidade cotiá, o que isto significaba era a implantación dunha nova rede administrativa na que desaparecían os antigos reinos, as divisións orgánicas constituídas ao longo dos séculos (pensemos na parroquia ou a comarca) e a implantación dunha nova división elemental e xeneralizada en todo o territorio: provincias e concellos.

Non importaba que reinos enteiros, como o de Galicia, non tivesen presenza ningunha nesta nova planta. Máis aínda, a nova planta administrativa tiña para os liberais a vantaxe de acabar cos redutos históricos administrativos, igualando a todos e confundindo lamentablemente as formas orgánicas de sociabilidade dos pobos con privilexios que era preciso extirpar.

As présas dos liberais por levar adiante o seu modelo de Estado e o temor a unha nova involución política que freara o proceso, explican a falla de reflexión e de estudos previos, de consultas e experiencias.

A división administrativa non era o único instrumento de centralización aínda que fose o máis visible. Os plans de reformas dos estudos primarios, secundario e universitario ían na mesma dirección. O famoso «Informe Quintana» (1813) defendía unha educación igual para todos, universal, pública, gratuíta, pero *uniforme* en métodos, libros e idioma. Por iso o administrativista Silvela (1839) defendía a centralización a través de códigos uniformes, e do uso dunha única lingua: a castelá. Poucos repararon na semántica política como expresión tamén desta centralización uniformizadora.

O termo *nación* amosou sempre unha referencia inmediata co nacemento, de acordo coa súa etimoloxía, significando ademais a pertenza a unha identidade étnica, que é a significación coa que etnógrafos e antropólogos a seguen utilizando. Así se utilizou tamén durante todo o século XVIII tanto en Galicia coma no resto de España, pero no século XIX o liberalismo forzou a súa significación para que expresase a idea de territorio do Estado. Así, en 1854 apareceu un xornal co título de *El Eco Nacional. Cúmplase la voluntad nacional*, que foi o lema co que Espartero inaugurou no ano 1854 o bienio progresista. O título da magna obra de Pérez Galdós, *Episodios nacionales* non facía máis que fixar unha semántica xa recorrente na literatura liberal. Tamén a semántica corrixida servía para reforzar a centralización.

Intentos para borrar Galicia do mapa

Os proxectos de división territorial discutidos nas Cortes durante o trienio constitucional tiñan a clara pretensión de prescindir das unidades históricas. O mesmo discurso que xa se oíra nas Cortes de 1810-1814.

O deputado Pelegrín afirmaba que:

> [...] sancionada la Constitución había llegado el caso de olvidar los nombres de los reinos y señoríos que componen la Monarquía Española y de que no se volviesen a oir las denominaciones de catalanes, aragoneses, castellanos, etc.
>
> Os liberais en Galicia gababan sen tino nin consideración os propósitos centralistas do goberno. A. de la Peña escribía no ano 1812 na Coruña:
>
> Si una nación quiere ser libre, poderosa y feliz, bajo un gobierno monárquico, ha de tener unas mismas leyes, unas mismas pesas, unas mismas medidas, unas mismas monedas, un mismo idioma en todas las provincias que hacen parte integrante de la Monarquía.

Lamentablemente en Galicia non se opuxo resistencia ningunha nin ao proxecto nin posteriormente á lei que dividía Galicia en catro provincias. Só atopamos unha suave crítica fundada no feito de que ao dividir Galicia en catro provincias desaparecía o nome de Galicia, nun folleto anónimo titulado *Proyecto aparecido y según se dice propuesto al Ministerio de Gobernación para la división de Galicia en cuatro gobiernos políticos* (Santiago de Compostela, 1820).

Os deputados galegos nas Cortes discutiron sobre cales debían ser as novas capitais provinciais e sobre os límites das provincias, pero non aparece un só discurso ou opinión oposta á división de Galicia en provincias.

Non debe estrañarnos tal actitude, cando un deputado liberal nas primeiras Cortes, don Domingo García Quintana, que representaba a Lugo, declaraba que era preciso reformalo todo, «nombres nuevos e ideas nuevas, todo nuevo, porque si algo queda de lo viejo todo lo habremos perdido». Non se expresaba doutra forma o anónimo autor dun artigo aparecido no xornal *El Patriota Compostelano* cando dicía que era necesario «hacer una nación absolutamente nueva».

Instalados na utopía da renovación total e da racionalidade ahistórica, non escoitaron outras voces nin outros modelos. Freire Castrillón, un dos líderes do absolutismo, presentou (non referíndose expresamente ao tema da división provincial senón á cuestión da representación dos deputados galegos nas Cortes) o tema desde outra perspectiva. No seu xornal *La Estafeta de Santiago* (1813) e referíndose ao poder dos deputados di que estes non poden desprenderse nunca «del espíritu provincial, ni olvidar jamás el interés y voluntad de aquella provincia, o territorio que le nombró y puso en él su confianza». Como escribe isto antes da división provincial, está claro que ao referirse ás provincias alude aos antigos reinos. E prosegue sinalando que historicamente o Estado de España se constitúe «por la federación de cuerpos independientes [...] de cuerpos separados que ahora componen la monarquía». Unha serie de circunstancias determinan as diferenzas entre estes corpos intermedios: clima, costumes «y sobre todo el idioma que indican la antigua independencia y parece que señalan el carácter y demarcaciones de cada uno». Esta configuración federal acentúa o carácter unificador da monarquía. É na persoa do rei onde conflúen as antigas monarquías e no suposto de que desaparecese a monarquía «habría que preguntar a los pueblos si querían mantenerse unidos».

Esta reinterpretación en clave federalista do Estado español que, de aceptarse, impoñería unha territorialización de carácter histórico, non foi atendida, pero tampouco refutada, nin polos liberais galegos, que non lle prestaron atención, nin foi proseguida polo pensamento absolutista. Quedou, pois, como unha xenial achega do absolutista Freire Castrillón sen eficacia política ningunha.

A división de Galicia en catro provincias quedou consumada en 1834 e reforzada no decreto do 21 de setembro de 1835 polo que se regulaba a nova planta das deputacións provinciais.

En principio desaparecían as históricas denominacións de reinos e, caso de mantérense, carecerían de toda significación administrativa.

Para acabar coas divisións administrativas históricas o goberno liberal e o parlamento alimentaron os novos localismos co fin de que a pugna entre as distintas cidades para ser capitais das novas provincias ocultase a eliminación dos antigos reinos e principados. Esta estratexia tivo un grande éxito porque, e polo que respecta a Galicia, as cidades de Vigo e Pontevedra, Santiago e A Coruña enviaron representacións e publicaron varios informes defendendo cadansúa candidatura. En troques, non atopamos entre 1834 e 1840 unha soa publicación que defendese a división administrativa histórica nin a persistencia do reino de Galicia como unidade administrativa superior.

Pero a pretensión de borrar dos mapas os antigos reinos resultou un fracaso total.

Coñecemos poucos mapas nos que aparecese toda España dividida en provincias sen referencia ningunha aos antigos reinos. E, por norma xeral, os que aparecían nos textos de xeografía astronómica, física e política reproducían a división provincial dentro do marco dos antigos reinos.

O mapa dunha das obras máis recoñecidas en España, *Elementos de la Geografía Astronómica, Natural y Política de España y Portugal*, de Isidoro Antillón (Madrid, 1824, 3ª edición) a pesar da proximidade ao trienio reproduce a división histórica, sen provincias.

Percíbese unha sutil resistencia que se concreta nos citados textos e libros de Xeografía na reprodución do mapa provincial pero ao mesmo tempo mantendo as unidades históricas. Así aparecen os mapas de Verdejo Páez, Montenegro, Mata, Bustamente e, sobre todo, o mapa que parece na grande obra de Letrenne, na edición de 1845.

Cando o gran xeógrafo galego Fontán elabora o seu mapa de Galicia deixa constancia moi clara de que, a pesar da división administrativa, Galicia segue tendo pluralidade xeográfica e historia propias.

A resistencia organizada: A xeración de 1846

Á morte de Fernando VII (1833) comezou a primeira guerra carlista. Aínda que iniciada por unha cuestión de lexitimidade sobre quen tiña dereito preferente ao trono de España, en realidade

o que subxacía era unha loita, na que se enfrontaban dous modelos sociais e políticos: o absolutista e o liberal, que se ocultaban baixo a máscara de carlistas e isabelinos.

O sector isabelino estaba liderado pola rexenta dona María Cristina, que se ben persoalmente se atopaba moi afastada do ideario liberal tivo que someterse a este para salvagardar o trono para a súa filla.

A rexenta, ante a presión da sociedade que demandaba máis liberdade comezou realizando unha serie de concesións que se traducen primeiramente no Estatuto Real de 1834, que non conseguiu acalar as demandas da poboación e ante a insatisfacción popular viuse obrigada a referendar a Constitución de 1837, de carácter máis liberal. Isto que tampouco foi suficiente provoca que no ano 1840, o xeneral Espartero, ídolo do exército tras rematar a guerra carlista (1839) e pertencente a un dos sectores progresistas máis radicais, se converte-se, mediante un golpe de estado, en rexente do reino en substitución de dona María Cristina.

A rexencia de Espartero, iniciada como dixemos en 1840, reforzou os dereitos de asociación e de opinión, e foi saudada con ilusión pola xuventude universitaria galega.

A universidade de Santiago contaba nese intre cunha xeración excepcional, que ía aproveitar a liberdade de prensa para facerse presente ante a opinión pública e presentarlle as súas propostas sociais e políticas.

Teñamos en conta que desde 1835 foi o estudantado quen, por medio de denuncias e manifestos, esixiu a depuración do profesorado procedente da etapa absolutista xa que as súas doutrinas «emponzoñan el corazón de la juventud»; son tamén os universitarios os que reclaman un ensino máis práctico, conscientes de que a sociedade liberal e o mercado van reclamar menos formación teórica que práctica. Hai, pois, no estudantado unha conciencia crítica que sintoniza, polo xeral, co ideario progresista. Orientaron política e literariamente esta xeración catedráticos como Losada Rodríguez ou González Varela, expulsados da universidade durante dez anos e agora reintegrados, novas incorporacións como a de don Joaquín Amigo, un profesor revolucionador dos métodos pedagóxicos e idolatrado polo alumnado, ou o suboficial e poeta Díaz de Robles que fóra da universidade era un animador da xuventude universitaria.

Aínda que os coñezamos por constituír a xeración de 1846, en realidade graduáranse en Santiago entre 1839 e 1845: Manuel Fernández Poyán de Ortigueira, graduado en Leis en 1839, futuro deputado progresista; Domingo Antonio Pocci, de Lugo, graduado en Leis en 1840, animador do progresismo lucense; Antonio Valenzuela Ozores, de Santiago, graduado en Leis en 1840, progresista, un dos intelectuais máis notables de Galicia no século XIX; Francisco Añón, de Outes, graduado en Leis en 1843 e poeta; Augusto Ulloa, de Santiago,



graduado en Leis no ano 1843, deputado e futuro ministro do Estado; Antón Romero Ortiz, graduado en Leis en 1845, republicano radical e posteriormente da Unión Liberal, futuro ministro; Xosé Puente Brañas, da Coruña, graduado en Leis en 1845, periodista, poeta e dramaturgo; Xosé Domínguez Izquierdo, de Santiago, graduado en Leis en 1842, dedicado á carreira xudicial e escritor en xornais tanto en castelán como en galego; Xosé Rúa Figueroa, de Santiago, graduado en Medicina en 1843, progresista exaltado, escritor e deputado por Galicia nas Cortes; Leopoldo Martínez Padín, de Tui, graduado en Leis en 1845, liberal moderado, escritor e autor dunha *Historia de Galicia* inacabada pola súa imprevista morte; Antonio Neira de Mosquera, de Santiago, graduado en Leis en 1845, escritor e director de varios xornais, con alto prestixio nos círculos da Corte; Xosé Sánchez Villamarín, de Santiago, graduado en Leis en 1839, progresista, logo republicano, alcalde de Santiago e autor de estudos económicos e sociais; Vicente Manuel Cociña, de Viveiro, graduado en Leis en 1844, escritor, director de xornais na Corte e deputado por Galicia no parlamento; Antón Camino, da Coruña, graduado en Medicina en 1841, poeta e escritor; Tiburcio Faraldo, de Betanzos, graduado en Leis en 1840, progresista, escritor e diplomático; Antolín Faraldo, graduado en Medicina en 1845, escritor e alma do movemento provincialista. Aínda poderiamos incluír outros, como Manuel Colmeiro, de Santiago, que pertencía cronoloxicamente a esta xeración pero coa que non colaborou en forma ningunha nos seus obxectivos políticos e literarios.

A maior parte deles participaron nas revistas literarias do momento tanto en Galicia como en Madrid, incorporándose ao movemento romántico, non ao *romanticismo nacional* do duque de Rivas, Zorrilla e Mesonero Romanos, senón ao *romanticismo social* de Larra e Espronceda que tiña como divisa a máxima de Víctor Hugo de que o que está na natureza e na realidade debe tamén estar na arte. En Larra e Espronceda, ambos idolatrados por esta xeración, atoparon o modelo de compromiso coa liberdade pero tamén coa realidade presente e inmediata. Isto ponse de manifesto na súa obra xornalística, que foi o instrumento eficaz que empregaron para facerse presentes na sociedade galega e para explicar o seu discurso a favor da redención de Galicia. Como recoñecerá anos máis tarde Murguía:

> Había por aquel tiempo escritores que ensalzaban la hermosura de nuestras cuatro provincias, que las defendían con calor de los agravios de que eran víctimas, que interrogaban su pasado, que trataban de infundir un nuevo espíritu en este pueblo a la sazón más que muerto.

Murguía que, como se desprende do parágrafo anterior, recoñecía e valoraba positivamente

o labor desenvolvido por esta xeración, salientaba entre todos a figura de Antolín Faraldo ao que consideraba o verdadeiro iniciador do movemento provincial:

> Conocía el por que debía intentarse la obra de la rehabilitación del país gallego [...]. No surgía un incidente, ni se prestaba cuestión alguna que él no viese y juzgase bajo el punto de vista de ulteriores propósitos. Nada pasaba que no tratase de concordar con el fin que perseguía. Les vencía, teniendo su programa completo y ordenado y conociendo la finalidad de la obra en que se hablaba empeñado. En este punto, Faraldo es el verdadero iniciador del movimiento provincial que hoy nos parece tan lógico y tan fácil y que hace cuarenta años apenas si se sospechaba su importancia ni comprendía su necesidad.

Pero, cal era o discurso desta xeración? Antes de responder a esta cuestión cómpre ter en conta a durísima censura que se impuxo en 1843 tras a caída de Espartero, que os obrigaba a circunvalar os temas, a tratalos perifrasticamente ou mesmo a reclamar do lector unha sobreinterpretación que, ás veces, era imposible. Salientemos tamén que carecían dun modelo ideolóxico e político que lles servise de referente, e, finalmente, debemos recoñecerlles unha certa levidade da súa ideoloxía, moi frecuente en Antolín Faraldo, que, en ocasións, o leva a criticar a revolución francesa cando esta era matriz do seu pensamento liberal.

O que parece claro é que son conscientes da marxinación económica e social de Galicia, e así o reflicte Antolín Faraldo cando escribe que:

> [...] sus naturales, son los más estúpidos, los más ignorantes y bárbaros. Sus costumbres groseras, su lenguaje ridículo [...] a un gallego se le da zumba con el Meco, se le compara con lo más vil, se mofan sus costumbres, sus inclinaciones y el traje.

Denuncian o centralismo que exerce a Corte:

> Centralizar es traer toda la acción, todo el gobierno a un solo centro, de manera que bien pudiera compararse el poder central al gran centro sensitivo en la especie humana y cuando uno solo es el centro de acción, dirección y de gobierno, este centro se forma de las fuerzas que destruye.

Así se pronunciaba alguén no xornal *La Situación de Galicia* (1842), no que tamén colaboraba Faraldo. Tal centralización atrofia a capacidade creadora das comunidades e convértese en *despotismo* e *tiranía*.

Critican así mesmo a división provincial de Galicia e defenden a unidade administrativa, recuperando a antiga provincia ou Reino, chamándose por iso *provincialistas* non por defender as catro provincias senón a única provincia galega.

A *emancipación gallega*, que foi unha das expresións máis queridas de Faraldo, só será posible a través da unidade dos galegos arredor do ideal provincialista, ideal que non puideron ou non tiveron tempo a expoñer.

Apuntáronse ao levantamento de 1846, protagonizado polo exército que só buscaba a caída de Narváez e a instalación dun novo réxime progresista, para controlar todo o aparato político do mesmo. Faraldo, como secretario da Xunta Revolucionaria de 1846 e director do xornal *La Revolución*, órgano da Xunta, quería aproveitar a vitoria para reclamar unha serie de dereitos para Galicia.

Coa súa participación no levantamento de 1846 procuran para o galeguismo a primeira grande experiencia política. E aínda que aquilo remata en derrota amarga, os fusilamentos de Carral achéganlle a esta xeración os primeiros mártires, que ocuparán un espazo simbólico e senlleiro na cultura e na memoria do país.

Sementaron en Galicia entusiasmo e fe patriótica, pero non foron capaces de elaborar un discurso político de acordo coas súas arelas de liberación. Amaban Galicia coa emoción e mesmo co fanatismo dos neoconversos que acaban de atopar unha razón para vivir, pero os seus pasos non estaban guiados por unha ideoloxía que os orientara cara a uns obxectivos e un método de loita. Por iso o entusiasmo patriótico esmoreceu na xornada de Carral, e así o recollía Murguía:

> [...] en la funesta tarde del 23 de abril de 1846, cuyo ocaso se iluminó con los más vivos resplandores. Un solo combate fue suficiente para poner entre los sueños de la víspera y la realidad del día siguiente, todo un mundo de dificultades y olvido.

Con palabras meditadas e cautelosas, como temendo ferir a memoria daqueles mozos desventurados, escribe tamén Murguía:

> El mismo Faraldo no hacía más que vislumbrar el resultado posible de sus tentativas y esfuerzos. Tenía, es cierto, así como un vago sentimiento de la finalidad de su obra, pero estaba bien lejos de comprenderla y plantearla como hoy se explica y se desea.

O rexurdimento literario

A persecución política contra os derrotados en 1846, os pactos e compromisos que houbo que facer para obter a amnistía e o control dos gobernadores sobre os provincialistas supervivientes explican a nova estratexia de reforzar o elemento cultural pero sempre no marco dunha dialéctica política.

Aparece así a xeración do rexurdimento que incorpora novos elementos ao proceso da identidade galega. Xa non chegaba con «proclamar una idea y levantar una clase» en palabras de Murguía, «había que formar una patria». E nesta tarefa cábelle un papel especial a poetas e escritores.

É necesario, segue a dicir Murguía,

> [...] el empleo serio, noble y apropiado de nuestro idioma en la obra literaria, para que así la voz tuviese eco, acento la canción, color el paisaje, alma la patria. A contar de estos días, la lira de nuestros poetas tuvo una cuerda más, la de Galicia; nuestro país, una literatura; nuestra literatura, una lengua.

Consciente do papel reivindicativo da lingua galega, era preciso incorporala á tarefa da loita para o recoñecemento da identidade do país e así o manifesta Murguía:

> Así como es cierto, que lengua distinta acusa diversa nacionalidad, así se necesita conservar su lengua para que la nacionalidad persevere.

Murguía, o líder indiscutible do rexurdimento galego, incorpora os poetas a este proceso identitario: Rosalía de Castro, Pondal e máis adiante Curros.

Pero era necesario dar un paso máis, abrir novos horizontes e despexar as brumas que apagaran o entusiasmo da primeira xeración. Cumpría dotar a galeguidade dunha teorización, dun corpus ideolóxico básico, que servise de referente e, ao mesmo tempo, de fronteira para separar os comprometidos na causa, dos demais. E ese *corpus* fundamental foi tamén obra de Murguía.

A distinción entre estado e nación é o elemento básico desta teoría. O estado é un produto político e por conseguinte efémero. A nación, en troques, é unha realidade cultural e social. Unha raza, unha historia, unha lingua, un territorio, un carácter e unha conciencia de que somos distintos dos demais, son os elementos configuradores do ser dunha nacionali-



dade. E como o mesmo Murguía afirmou no discurso pronunciado nos Xogos Florais de Tui (1891), «pois que somos un povo distinto, debemos selo».

Murguía a través das súas obras históricas e moi especialmente a través da *Historia de Galicia*, lamentablemente inconclusa, pretendeu demostrar a permanencia destes caracteres nas distintas etapas, para que o lector puidese percibir que baixo os cascallos da historia permanecían vivos e operantes os signos da nosa identidade, unha identidade que se reafirma ante os demais, ante os outros.

A identidade cultural, fundamentada na etnicidade e na historia, constitúe a primeira conceptualización de Galicia como un pobo de seu, presente no mundo non só para subsistir senón para despregar toda a súa potencialidade. E iso xustificará toda a acción política de carácter galeguista, utilizando a política como un instrumento ao servizo desa identidade.

O discurso de Murguía atravesará os séculos XIX e XX e, reformulado pero sen alterar a súa substancia, aparecerá en Risco e en Castelao.

O rexionalismo

No ano 1885 foi invitado a presidir os Xogos Florais de Pontevedra o ilustre prócer galego e senador vitalicio don Antonio Romero Ortiz. Despois de confesar algún dos seus pecados políticos de xuventude e referíndose á lingua galega, que se pretendía exaltar, salientaba que

> [...] na fin do século XIX, cando o vapor e a electricidade acurtan distancias e suprimen as fronteiras, podería constituír un perigo para a unidade da patria o rexurdimento dos vellos dialectos.

Quizais para rectificar, os organizadores dos xogos de 1886 invitaron a don Manuel Murguía a presidir tal acontecemento. Murguía pronunciou un discurso en defensa do idioma e a partir deste momento e deste acto iníciase un movemento de rexurdimento do galego que producirá o rexionalismo.

No mesmo ano aparecía a revista *Galicia* de Martínez Salazar e iniciábase a «Biblioteca Gallega» coa obra de Murguía, *Los Precursores*. No ano 1888 publícase o terceiro tomo da *Historia de Galicia* de Murguía cuxo prólogo é xa unha bandeira de recrutamento político. As durísimas críticas de Murguía aos escritos de Núñez de Arce, Valera e Sánchez Moguer aparecen

O nome do país escrito por Otero Pedrayo

en forma de folleto na Habana, *El Regionalismo Gallego* (1889) e constitúen as bases da doutrina rexionalista.

Tamén en 1889 aparece en Barcelona o libro de Brañas, *El regionalismo*, unha contribución moi significativa á teoría política do rexionalismo e asemade un importante estudo sobre o rexionalismo galego.

Por fin no ano 1889 constitúese en Santiago a Asociación Rexionalista Galega, con Murguía como presidente e da que formaban parte Brañas, Barcia Caballero, Pereiro Romero, Tarrío García, Cabeza de León, o cóengo Portal, etcétera.

Créanse nas cidades de Galicia centros rexionalistas e no ano 1892 redáctanse as *Bases Generales del Regionalismo y su aplicación a Galicia*, que constituía a primeira formulación política do galeguismo partidista.

Dende América, Curros apoiaba publicamente o rexionalismo e destacaba os dous líderes:

> Corresponde al Sr. Murguía el honor de haber descubierto en su gran libro [refírese á *Historia de Galicia*] la característica de nuestro pueblo, casi fosilizada bajo el polvo de los siglos y el olvido de las generaciones, reconstruyendo por su sistema parecido al de Cuvier, el esqueleto de nuestra anatomía.

E referíndose a Brañas di:

> Al Sr. Brañas corresponde la gloria de haberlo animado y hecho de él un organismo, ofreciéndolo a nuestra raza como un símbolo en el que se contienen todas sus aspiraciones de libertad, de justicia y de progreso [...] ha formulado el credo de la descentralización política y administrativa de Galicia y lo ha propagado con elocuencia de apóstol y abnegación de mártir por todas las regiones de España.

Dentro do rexionalismo convivían distintas tendencias ideolóxicas que nun principio foron solapadas polo entusiasmo e o fervor patriótico pero que, pouco a pouco, foron mordendo a unidade ideolóxica do rexionalismo.

Había un rexionalismo de matriz liberal e democrática representado por Murguía e o chamado grupo da Coruña. Había tamén un rexionalismo que procuraba conciliar as teses do federalismo co movemento rexional, do que o seu máis destacado defensor era Aureliano J. Pereira. Pero sen dúbida o sector máis radical e activo era o liderado por Brañas cun discurso teórico tradicional, antidemocrático e antiliberal. A morte de Brañas no ano 1900

non só acabou coas tensións, tamén acabou co movemento rexionalista, que entra nunha etapa de crise total.

Aparentemente o rexionalismo fracasou politicamente pero obtivo outros resultados positivos. Foi capaz de elaborar un proxecto de estatuto para Galicia que constitúe un intento serio de racionalidade política, superando dunha vez por todas a vaguidade e o sentimentalismo das anteriores propostas. A cultura galeguista experimentou un avance espectacular grazas ás revistas e xornais aparecidos e grazas tamén ás investigacións históricas e a libros como *Galicia*, de Murguía e o citado libro de Brañas. Finalmente, a militancia de Brañas e o seu liderado no movemento foi capaz de atraer ao rexionalismo sectores ata o momento afastados, como os clérigos e intelectuais conservadores.

A morte de Brañas e o paralelo retiro de Murguía da trincheira política para dedicarse totalmente a reformar e publicar a segunda edición da súa *Historia de Galicia*, a cubrir a demanda dos xornais galegos e americanos, en definitiva, xa entronizado Murguía como a figura cultural máis representativa de Galicia, o que non casaba ben coa súa dedicación política, o movemento rexionalista quedou sen dirección central agrupadas as forzas nas chamadas ligas que aínda realizaron un positivo labor de fermentación galeguista.

A emigración galega asume a identidade

Na década dos anos setenta do século XIX percíbese un movemento asociativo da galeguidade que se concreta no ano 1879, ano simbólico do asociacionismo, cando se crean os centros galegos da Habana, Bos Aires e Montevideo.

A xénese deste proceso asociativo precisa unha análise máis demorada porque nela apóiase o espléndido renacer cultural na Galicia emigrante que se manifesta nos centos de xornais e de revistas aparecidos na emigración, nos centros de estudos e escolas creadas, nunha intensa vida asociativa cultural e mesmo nunha contribución, aínda non suficientemente valorada, ao discurso político da galeguidade.

A explosión asociativa, que se inicia nos anos setenta do século XIX, foi produto dun proceso de reafirmación do grupo étnico galego fronte a outras etnias. Esta reafirmación da galeguidade puido formalmente nacer do contaxio ou da emulación doutras experiencias asociativas como a dos cataláns e mesmo a dos vascos (a sociedade vasca Laurak-Bat apareceu en Bos Aires en 1877, dous anos antes ca o Centro Gallego), pero, desde o primeiro momento, o asociacionismo galego adoptou unha formulación moi propia.

Os obxectivos inmediatos foron a defensa do grupo étnico galego fronte a valoracións sociais hostís, o mutualismo ou atención sanitaria aos socios, e a conquista dunha valoración social máis prestixiosa. Os tres obxectivos aparecen nos escritos xornalísticos do momento e así no *Manifesto* publicado por Benigno Salgado en Montevideo (5-VI-1878) pode lerse:

> Unámonos y venceremos. Estamos convencidos de que nadie precisa más de unión que los gallegos. ¿Para qué? Para defendernos, ¿quién nos ofende? ¡Ah! La respuesta es triste dolorosa... nuestros hermanos los demás españoles.

Máis enérxico é aínda Cisneros Luces no seu xornal *El Gallego*, de Bos Aires (25-V-1879):

> Galicia en sus costumbres, lenguaje, condición e historia ha sido el blanco sobre el cual han asestado oblicuas saetas ya no diremos el hombre de mediano entendimiento, ya no diremos ciertas mediocridades, sino aún los más elevados sacerdotes del Genio [...]. No podréis disculpar nunca el incalificable desdén con que corresponden vuestros hijos a la articulación, baja para ellos, de la palabra gallego. Les habéis enseñado con zumbas un nombre que debieran escuchar de rodillas. ¡Es un gallego! Ese gallego para vosotros no significa hombre sino máquina, autómata, sepulcro [...]. Galicia escarnecida, vilipendiada, reclama a todos sus hijos para el momento regenerador que en todas partes se mira con respeto ya para su gloria.

O mutualismo, ou a atención entre os emigrados para cubrir as necesidades primarias, tiña entre os galegos xa tradición. Ademais das experiencias asociativas do século XVIII, no ano 1871 aparece a Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia, fundada na Habana, que se foi estendendo por Cienfuegos (1877), Matanzas (1878) e Cárdenas (1879). Pero serán os centros galegos constituídos a partir de 1879 os que ofrecerán unha cobertura sanitaria máis eficaz ao ter anexo un hospital para a atención dos galegos.

Tamén foi un importante obxectivo dos novos centros galegos a promoción social. Tanto na Habana, como en Bos Aires e Montevideo (as tres grandes capitais da galeguidade do alén mar) a distinta condición económica dos emigrados foi estratificando os niveis sociais. Unha capa economicamente importante de galegos precisaba dun instrumento, como o centro galego, para a súa promoción. As festas, os bailes, as actividades culturais e de ocio que se realizaron nos centros galegos abriron as portas da alta sociedade e permitiron unha máis fácil acomodación ou integración desa capa social en cada unha das tres capitais.



Tamén este obxectivo estaba presente na mente dos fundadores dos centros. Cisneros Luces dío expresamente:

> Es indispensable que nos unamos los gallegos para ser ricos, para ser grandes, para ser estimados, para ser prósperos como los catalanes. Pero los catalanes tienen orgullo de su propio valor. Allí, sin dejar de hacer España, todo se hace en catalán: lenguaje, comercio, industria, arte y hasta política.

Para obter estes obxectivos, os tres xornais máis importantes, *El Eco de Galicia* da Habana, fundado por Waldo Álvarez Insua en 1878; *La Voz de Galicia* de Montevideo, fundado por Benigno Fernández e dirixido por Benigno Salgado en 1880; e *El Gallego* fundado en Buenos Aires en 1878 por Cisneros Luces, coinciden na mesma estratexia: a unidade dos galegos, a súa dignificación por pertencer a unha cultura superior e todo iso baixo a bandeira da identificación étnica e cultural dos galegos.

Todo isto foi posible pola chegada a América dunha elite intelectual procedente de Galicia a consecuencia do fracaso da chamada revolución de 1868 e do fracaso da primeira república (1873).

Parte da xuventude que en Galicia viviu con fervor e ilusión o proceso de 1868 e, sobre todo, a primeira experiencia republicana, sentiuse estafada cando no ano 1874 se impuxo a restauración.

Nesta ocasión non foi a necesidade económica a que os empurrou a América, foi a perda da liberdade e a restauración dos vellos ídolos tenebrosos, clero, aristocracia, militarismo, monarquía, o que os conduciu a unha emigración da utopía para procurar novos espazos vitais, baixo a bandeira da liberdade e da república: *caelum non animum mutat qui trans mare currit*, «quen emigra pode mudar de ceo pero non de espírito».

Para comprobar a nosa afirmación fixémonos quen está na constitución dos tres primeiros centros galegos no ano 1879. En Buenos Aries foron os fundadores do primeiro centro galego, de curta vida nesta primeira experiencia: Cisneros Luces que funda *El Gallego* e que emigra en 1873, Bernardo Barreiro de V. V. que emigra en 1874, Manuel Vázquez Castro ou Manuel Barros que emigra en 1872, aínda que xa estivera previamente en América. Eles foron os que puxeron as primeiras pedras do primeiro Centro Galego de Bos Aires.

En Montevideo están os irmáns Benigno e Tomás Salgado Vázquez, que chegan á capital de Uruguai en 1874; o primeiro era estudante en Santiago de Farmacia. Neste mesmo ano chega a Montevideo Antonio Varela Stolle, profesor de Dereito en Santiago de Composte-

la, e primeiro presidente do Centro Galego de Montevideo. No mesmo ano tamén chega Benigno Teixeiro Martínez, intelectual de rexa personalidade. Son eles tamén os que crean o Centro Galego de Montevideo.

Na Habana había xa unha sociedade máis plural (non esquezamos que pertencía a España), con galegos ben posicionados económica e socialmente. Porén, o primeiro alento para a constitución do Centro Galego procede de Waldo Álvarez Insua e do seu xornal *El Eco de Galicia*, sendo posteriormente apoiado por R. Armada Teixeiro, Xosé Novo García, Manuel Lugrís Freire, etcétera. Álvarez Insua chegara á Habana en 1877 tras ser perseguido en Galicia polo cardeal Payá y Rico, debido ás súas colaboracións xornalísticas Álvarez Insua, republicano, preferiu a emigración a vivir nunha Galicia na que os bispos eran capaces de pechar un xornal.

En Galicia seguíase atentamente o que estaba a suceder en América. A constitución dos centros galegos e a vida cultural que desenvolvían, explican que se sentisen atraídos non poucos intelectuais, como Curros Enríquez, Castro López, Cao Luaces, Novo García, etcétera, quen, tamén cansos de respirar, como eles dicían, unha atmosfera clerical e monárquica, buscaron novos horizontes na América.

A explosión de galeguidade, activada polos intelectuais galegos en América, e o proceso asociacionista que se inicia, apoiábanse nun discurso débil e difuso que tiña como elementos centrais a unión dos galegos, a dignificación de Galicia e o republicanismo. A valoración da lingua galega e a súa utilización como eixe do discurso galeguista só atopou eco en Cisneros Luces que captou a importancia da lingua no proceso de regaleguización da sociedade emigrante. Nun artigo publicado o dezaoito de maio de 1879 en *El Gallego* afirma sobre a lingua galega, a que falaron Feixoo, Sarmiento, etcétera, que

> [...] isa mesma é a nosa lingua, l'a que esquencemos e a corrompemos pouco a pouco, anque ben qu'os pobos que'a perden, perden con ela a sua ialma, perden o seu carácter enxergado nos sons, perden o espello donde mais ó vive e con mais fidelidade se refrexan sua indole, o seu ser, as incrinacións, os seus gostos e costumes.

Engade que desprezar o noso idioma é desprezarnos a nos mesmos e iso produce o desdén xeral e meso «a servidume».

Como se pode observar, Cisneros Luces si que captou a forza da lingua como elemento definidor dunha comunidade, pero non sucedeu o mesmo cos demais.

Foi preciso agardar á aparición do rexionalismo, que dotaba a Galicia e á súa interpretación dun corpus máis articulado, para que os dirixentes da opinión pública en América se adscribisen a este ideario. Álvarez Insua escribe en plena guerra civil en Cuba:

> No somos separatistas, no hacemos cuestión de propaganda al estampar la palabra regionalismo. Aspiramos a que nuestros comprovincianos [...] dirijan sus esfuerzos a la unión y solidaridad en un pensamiento: espíritu de asociación que bastando por si solo para conservar entre nosotros las virtudes legendarias de nuestros mayores, sostienen el más puro ideal de nuestras glorias y sirven también de estímulo al trabajo y de concordia fraterna [...]

E o mesmo autor en 1886 di: «Encendamos la divina llama del regionalismo en todos los pechos».

Recoñéceselle a Murguía a gloria «de haber iniciado tan saludable movimiento en Galicia». Por iso na Habana, 1200 galegos demandan fondos para a publicación do folleto de Murguía *El Regionalismo Gallego* (1889) no que refutaba as teses de Sánchez Moguer e Valera. No prólogo a esta edición, Álvarez Insua escribe que é preciso defender o rexionalismo «como una consecuencia lógica del descrédito en que ha caído el sistema centralista y a su iglesia vendrán todos los hombres de sano corazón en plazo no lejano». E conclúe: «Seamos regionalistas y tendremos patria».

A galeguidade dos centros de América entra moi cedo en contacto con Galicia. Murguía ollaba moi atentamente o espertar dunha galeguidade nova, moza, libre e con medios, na América. Por iso foi o intelectual galego que mellor captou a transcendencia deste fenómeno e quen máis o alentou. E América devolveulle o favor ao patriarca en forma de apoios económicos e de recoñecementos públicos.

No manifesto fundacional do Centro Galego da Habana (11 de xaneiro de 1880) destácase a importancia que no futuro deberá ter a Sección de Instrución. O centro nacía con 713 socios, que en pouco máis de tres anos pasaron a ser 4351. Iso explica que algúns membros do centro presenten un proxecto de interese cultural de acordo co manifesto fundacional. Foi así, como, posiblemente por suxestión de Álvarez Insua, o centro da Habana contactou con Murguía para continuar a *Historia de Galicia*. Murguía atopa un gran reforzo en Curros Enríquez que publica na súa revista *Tierra Gallega* (24-II-1895) o artigo «Bandera y programa» recomendando á xunta directiva do centro o apoio económico a Murguía, porque como escribía Xosé Ruibal en *Terra Gallega*, (3-III-1895) «pueblo sin historia es un pueblo muerto».

Resultado desta colaboración foi a publicación do tomo primeiro en 1901, do segundo en 1906 e parte do terceiro en 1913. Todo foi custeado polo Centro Galego da Habana: a publicación máis unha xenerosa axuda económica ao autor.

O seguinte paso foi a constitución da Real Academia Galega, amparada, desde o primeiro momento, polo Centro Galego da Habana.

Fracasado en Galicia o intento de constituíla no ano 1895, Xosé Fontenla, un humilde impresor emigrado na Habana, asume a responsabilidade de activar a opinión dos galegos en Cuba, constituíndo a Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega, para recadar fondos, e de formar unha comisión para realizar o seu soño.

Tras unha copiosa correspondencia na que se pon de manifesto o entusiasmo contaxioso dos galegos en Cuba, o 1 de xullo de 1905, Curros Enríquez, presidente da asociación iniciadora, comunica a Murguía (xa declarado *in pectore* como futuro presidente da academia) o nome dos dez intelectuais elixidos pola asociación iniciadora para que elaboren os estatutos, fixen a sede da academia e seleccionen os primeiros académicos.

O 4 de setembro de 1905 ten lugar unha primeira reunión na que se designan os corenta primeiros académicos e se toma a decisión de fixar a sede na Coruña. Un ano despois, o 25 de agosto de 1906, o ministro de Instrución Pública aproba os estatutos e o mesmo día Afonso XIII concédelle o privilexio de que poida usar o título de real academia.

Non por constituída a Real Academia Galega desapareceu a protección da asociación cubana que seguiu mantendo o seu apoio económico á Real Academia Galega, apoio que logo se estendeu desde Arxentina e Uruguai.

Entendían as comunidades galegas en América que a constitución da Real Academia Galega significaba ter un organismo de referencia, unha institución representante da cultura galega, protectora e defensora da lingua.

NO CENTENARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

DISCURSO CONMEMORATIVO E PROCESO CONSTRUTIVO POLOS LUGARES DA MEMORIA

Xosé Luís Axeitos

Bibliotecario-arquiveiro da Real Academia Galega

O sintagma *Galicia, a forza da palabra* elixido como título e lema da exposición do centenario da Real Academia Galega aspira a presentar, sen renunciar á súa evocación definidora, o discurso identitario do país como un proceso construtivo que *narra a nación* proxectando a imaxe dunha patria que se vai construíndo no mesmo acto discursivo. O discurso expositivo, xa que logo, quere facer un percorrido polo esforzo construtivo do rexurdimento, capaz de elevar a palabra *Galicia*, ata o corazón do pobo. E ao mesmo tempo queremos subliñar dúas ideas tamén implícitas na metáfora aposicional do título: que a lingua, a palabra, é o elemento substancial da nosa patria, é o seu *semema* diferenciador; pero tamén remarca a normalización e grandeza que acadou o discurso literario desde Rosalía ata hoxe reafirmando que o nacionalismo galego atopou a súa mellor expresión cultural na literatura.

Este é o motivo polo que un andar enteiro estará dedicado ao discurso literario e lingüístico. E este non podía menos que empezar por unha figura clave como a do P. Sarmiento. Porque o propio *Cancioneiro d'Ajuda*, que abre a parte primeira do discurso, peza que por si mesma abondaría para xustificar a exposición, está integrado no rexurdimento como descubrimento que foi no seu día e integrado deseguida no discurso construtivo de Galicia.

Compartimos totalmente a idea exposta por Ernest Lluch (*Las Españas vencidas del siglo XVIII*) de que na Cataluña do século XVIII non hai unha defensa tan vizosa do catalán como a que Sarmiento fai do galego. A vocación e pericia filolóxica do P. Sarmiento estiveron desde moi cedo á disposición do seu idioma materno, o galego. O monxe bieito manexou unha moi ampla documentación medieval da que tirou proveito doado para os estudosos galegos posteriores. E sempre parte da perspectiva galega para despois chegar aos horizontes de España.

Será en gran medida esta particular perspectiva do beneditino da que parte o Rexurdimento galego do século XIX, moi debedor da mentalidade ilustrada e encarnado nuns nomes formados na pedagoxía do setecentos.

Desde P. Sarmiento ata chegar á posguerra en 1939, a literatura galega foi conformando un discurso que tivo en moitas ocasións que substituír o discurso político, e ten unhas etapas fundacionais non soamente en Rosalía, Pondal, Curros ou Lamas Carvajal, senón tamén en Pintos, Añón, Alberto Camino, don Antonio de la Iglesia e en toda a literatura popular. Sen esquecer a importancia decisiva da música, herdeira da poderosa capacidade creativa do pobo. En Galicia a música foi durante moito tempo o libro dos pobres e os orfeóns, auténticas escolas nacionais de música, foron peza fundamental no descubrimento dos nosos elementos diferenciadores. O discurso expositivo non esquece tampouco esta faceta.

Cada autógrafo manuscrito, cada obxecto persoal e cada fotografía, recadadas por toda Galicia grazas á xenerosidade de tanta xente, queren ser un tributo de homenaxe e recoñecemento a tantas persoas que contribuíron a enriquecer a palabra que nos une a todos, *Galicia*. Estes obxectos, textos e fotos son as nosas iconas, os nosos fetiches e o noso orgullo. Están expostos co respecto e coidado que require a nosa dignidade como pobo.

Pero malia que o sentimento de nación non era unha novidade histórica xa que representaba as cousas que coidamos ter en común desde moitos anos, os homes do rexurdimento eran conscientes de que este tiña que consolidarse como un proceso construtivo. E neste proceso era fundamental dotarse de institucións que puidesen crear un tecido uniforme. Na ausencia de institucións políticas, educativas e dun estado propio, a academia vai cumprir un papel fundamental dentro do discurso do rexurdimento.



E vai cumprir un papel fundamental porque, malia os silencios históricos, a Academia Galega, minguada de medios económicos, sempre se esforzará e non renunciará a unha dupla función que se lle encomenda: normativizar a lingua segundo os criterios ilustrados e normalizar a fala por mandado do compromiso social co pobo galego, herdanza do romantismo.

Neste contexto a Murguía, metáfora da grandeza dun país pequeno, aparecíanlle importantes retos no horizonte da súa loita: elaborar un discurso reivindicativo, levar as súas inquedanzas ao pobo, ensanchar as bases e crear institucións que fortalezan e proxecten cara ao futuro unha cultura identificadora e orientadora.

A esta terra conquistada, construída, que se chama Galicia, vai dedicar Murguía todas as súas arelas. E non estivo só nesta tarefa porque unha serie de intelectuais e profesionais, as clases *educadas* do país, estiveron con el; estamos a referirnos a Víctor López Seoane, Manuel Rúa Figueroa e Vicente V. Queipo no campo científico; Compañel, A. Chao e Soto Freire, nas artes gráficas; Paz Novoa no campo docente e xudicial; Puente y Brañas, Rosalía e Pondal na poesía; Pérez Ballesteros no folclore; Pérez Villamil na arqueoloxía; Serafín Avendaño, Brocos ou Juan Sanmartín nas artes plásticas; Antonio de la Iglesia e Martínez Salazar no mundo da edición; Vicetto, Barros Sivelo e Carlos R. Fort na historia; Saco y Arce, Díaz de Robles na filoloxía, etcétera. Estes nomes son os compañeiros da primeira xeración porque un dos méritos de Murguía será a facilidade de incorporar a esta soñada e teimosa empresa as novas xeracións: Lugrís, Carré, Lago González, Oviedo y Arce, Brañas, Cabeza de León, os irmáns Vaamonde Lores, etcétera.

Agora ben, para comprender a mentalidade fundacional da Academia Galega temos necesariamente que coñecer, entre outras cousas, as aspiracións políticas dos seus promotores porque están conectadas cos seus ideais e sentimentos. Por este motivo, e paralelo ao discurso literario-cultural, elaboramos un texto expositivo de contido político e ideolóxico sen o que non sería posible entender o anterior.

Empezamos este apartado en 1846, coa revolución liberal de Solís, porque o noso nacionalismo de mediados do século XIX identifícase co liberalismo e coa tradición da revolución francesa. Non é casual que os mártires de Carral sexan homenaxeados polos integrantes da Liga Gallega na Cruña —Lugrís, Carré, Golpe, entre outros— que tamén serán fundadores da Academia Galega.

Murguía e os protonacionalistas sabían perfectamente que a conquista do criterio histórico de nación pasaba necesariamente por fortalecer a cultura e dotarse de institucións prestixiosas e duradeiras. Pero a recuperación cultural tiña en Galicia, coma noutros moitos pobos

europeos, unha característica esencial: tratábase da cultura popular, non da cultura académica, totalmente allea ás aspiracións nacionais.

Desde mediados do século XIX, os románticos asumiran, como xa temos dito, un forte compromiso social e revolucionario que consideraba que o pobo atesouraba todas as esencias incontaminadas e que a súa lingua, cancións, lendas, costumes e música eran a esencia da nación. A busca, a procura dese espírito popular, vai ser un dos obxectivos do protonacionalismo. O movemento fundacional liderado por Murguía —Sociedade de Arqueoloxía, Sociedade de Folklore, Sociedade de Historia— sempre adxectivado como galego, non fai máis que afirmar esta tendencia cultural de carácter popular. Non nos pode sorprender xa que logo que o noso nacionalismo atopase a súa mellor expresión cultural na literatura e na música, artes que a través da lingua e da canción popular conectan coa poderosa herdanza do pobo. Se Petöefi (1823-1849) é o poeta nacional húngaro e Mickiewicz (1798-1855) é o poeta grande de Polonia, Rosalía é a gran poeta de Galicia, que harmoniza nos seus *Cantares gallegos* (1863) música e literatura.

A palabra *folclore* —a recompilación dos cancioneiros populares, recollida de léxico popular, de romances, etcétera— é unha invención do romanticismo e vai ter, como veremos, un especial significado para as nacións en construción.

Nos países que estaban a descubrir e a reafirmar a súa identidade nacional, a aparición dun primeiro dicionario, dunha gramática, dun manual ou dun xornal eran acontecementos con categoría de efeméride e de celebración política. Do mesmo xeito celebramos o primeiro mitin en galego que pronuncia Lugrís Freire en Betanzos como un paso importantísimo para a nosa liberdade e para o noso país.

Temos unha serie de datos que non por anecdóticos deixan de ser representativos do recoñecemento a este esforzo historiográfico e culturalizador que emprende o protonacionalismo galego. Nunha carta de 1867, un humilde xastre de Rianxo, Xosé Rañó, agradece a Murguía a súa obra histórica porque lle vai permitir defender Galicia e dar fe de que temos unha historia coma os demais pobos.

Anos máis tarde, arredor de 1888, recibirá o historiador numerosos escritos de adhesión por defender Galicia na polémica con Sánchez Moguel.

Malia estas declaracións, seguía a faltar nesta loita a presenza do pobo, que falaba pero non escribía o seu idioma e que non deixaba de ter certa desconfianza duns homes que escribían pero non falaban a súa lingua. O pobo estaba instalado na fala e os intelectuais e ideólogos reivindicaban a lingua, teorizaban sobre a situación lingüística do país, sobre a liñaxe lingüística ou sobre o porvir das linguas minoritarias.

Galicia

Pero o que non vai conseguir o rexionalismo, un dos primeiros convites político e democrático para atraer o pobo ás ringleiras nacionalistas, vaino posibilitar en parte a emigración, ese fenómeno paneuropeo de desarraigo dos pobos e das culturas. A emigración galega non é, como adoita verse na nosa tradición conservadora, unha forma apracible de nostalxia que se reflicte como unha especie de doenza psicolóxica. Foi moito máis porque deseguida se estableceu entre o discurso nacionalista —afirmación e pertenza a unha terra, a unha lingua e a un pobo que comparte unha experiencia histórica común— e a emigración —soidade e estrañamento dese espazo común e compartido— unha relación dialéctica de consecuencias inesperadas.

De América chéganos moitos símbolos da nosa identidade como pobo: himno, bandeira e a Real Academia Galega como resultado acrisolado de todo o espírito reivindicativo de Galicia como país diferenciado. Chéganos da man dos ausentes, dos que teiman e loitan por recuperar unha terra, unha lingua e unha experiencia compartida. Ben é verdade que estimulados tamén polo clima nacionalista que se estaba a vivir en América nas primeiras décadas da independencia. Lembremos, en definitiva o protagonismo que teñen na independencia dos seus respectivos países escritores desterrados como José Martí para Cuba —despois de ser condenado a traballos forzados, reside moito tempo en Estados Unidos—, de Manuel González Prada para Perú, Esteban Echeverría e José Mármol —desterrados en Uruguai—, e Domingo Sarmiento para Arxentina. As loitas para conseguir a independencia estadounidense, para unificar Alemaña ou Italia, ou para liberar Alxeria foron as de grupos nacionais separados do que se entendía que era o seu modo de vida lexítimo. E a nosa Rosalía cando recorre ao tópico romántico da dozura do fogar está a querer recuperar un espazo sentimental e afectivo do que se sente afastada. Non hai poeta do rexurdimento que non cantara a emigración porque todos, ata os menos ideólogos, estaban francamente comprometidos coa defensa de Galicia. O discurso nacionalista posibilitou que arte e preocupación social fosen características deste final de século. Por iso o poeta Manuel Núñez chega a dicirlle a Murguía nunha carta: «No hablemos hoy de regionalismo ya que estamos seguros de que su germen está incubando en todos los corazones gallegos».

Neste clima de esperanza construtiva non nos pode estrañar que algúns eruditos, escritores e periodistas —Lamas Carvajal, Aurelio Elías, Martelo Paumán, Aureliano J. Pereira e, por suposto, Murguía— se teñan manifestado desde 1875 a favor da creación dunha academia da lingua.

Sería difícil comprender a fundación desta institución sen ter en conta a masiva emigración galega a América, que enferma de nostalxia foi capaz de valorar e identificarse co que deixara atrás e ser minimamente receptiva ás novas ideas políticas do rexionalismo.

O nome do país escrito por Xosé Fontenla Leal

Non é casual xa que logo que nos cheguen de América os principais símbolos da nosa identidade: himno e bandeira. E chégannos da man dos ausentes en diálogo coa Academia que sempre aconsella e informa coa *auctoritas* de Murguía ata o punto que podemos dicir que, en gran parte, nos conformamos como pobo desde a estranxeiría e non desde a familiaridade dos horizontes coñecidos. Nunha carta inédita de Curros a Murguía datada en 1906, poucos días antes de celebrarse a velada inaugural no teatro Tacón e a poucos días de por decreto ser real a academia, o poeta de Celanova xoga coa polisemia da palabra *real* para rematar afirmando que a institución será real queira ou non queira o rei.

E Galicia adiantarase a outras moitas nacións europeas na anovadora tendencia de considerar e definir a nación en termos lingüísticos e culturais. Por este motivo xorde a necesidade de que as linguas nacionais teñan que acadar unha modernización que pasaba necesariamente pola homoxeneización que proporcionan as gramáticas e dicionarios, ferramentas imprescindibles para a utilización contemporánea e literaria.

A necesidade da creación dunha Academia, sentida e exposta individualmente por diversos escritores durante o século XIX, non chegará a frutificar ata o 30 de setembro de 1906, data oficial da súa constitución *de iure* no salón da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos. Un ano antes, o 12 de outubro de 1905 concretamente, presentáranse os estatutos no Goberno Civil para a súa aprobación polo Ministerio de Instrucción Pública.

Pero tal como sinala o historiador pioneiro da institución, Ramón Villar Ponte, o verdadeiro mérito e punto de partida da fundación da Real Academia Galega está, como tantas outras iniciativas, no fervor e na xenerosidade do mundo societario da emigración.

Esta, a pesar da distancia xeográfica, sempre seguiu moi estreitamente a loita da cultura galega por acadar un espazo diferenciado no que reivindicar unha identidade propia. Así, a Sociedade de Beneficencia dos Naturais de Galicia da Habana xa nomeara a Rosalía (1873) e a Murguía (1877) como socios de honra; poucos anos despois Murguía recibe un manifesto de adhesión de significados emigrados en Cuba: Álvarez Insua, Fontenla Leal, Lugrís Freire, Villasuso, con ocasión da polémica con Sánchez Moguel; Murguía, asiduo colaborador nas publicacións cubanas da emigración, recibe estímulo e subvencións para a publicación da súa *Historia de Galicia*.

Esta comuñón vaise traducir no ano 1905 na fundación da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega na Habana por iniciativa, principalmente, de Fontenla Leal e de Curros Enríquez. A través da correspondencia entre esta asociación da Habana e os promotores en Galicia da academia podemos saber hoxe a intrahistoria da centenaria institución que estamos a conmemorar. Así, temos constancia de que o principal apoio económico da

Academia son as 350 pesetas mensuais que envían os da iniciadora. A xenerosidade dos emigrantes contrasta coa actitude de institucións como a Deputación da Coruña que retira as 1500 pesetas mensuais que tiña prometidas e que non se recuperarán ata varios anos máis tarde grazas á mediación de Fernández Latorre, en 1911.

Desde Cuba tamén se subvenciona a publicación do *Diccionario* da academia e mandan unha carta chea de orgullo cando en xullo de 1912 reciben o primeiro fascículo desta obra.

Os interlocutores en Galicia desta feliz iniciativa serán os falantes da Libreiría Rexional de don Uxío Carré Aldao, con D. Manuel Murguía como cabeza visible. Este, a pesar das difíciles circunstancias persoais, motivadas polo decreto de cesamento como funcionario en 1905, asume a responsabilidade fundacional consciente da necesidade dunha institución prestixiosa con capacidade para proxectar cara ao futuro o noso rexurdimento cultural. Non nos debe xa que logo sorprender que cheguen de Cuba cartas de protesta polo atraso na recepción do *Boletín da Academia* porque a cobranza dos 35 centavos de peso que se recadaban de cada asociado dependían do reparto das separatas da publicación académica. Nada sería posible sen a contribución económica e o entusiasmo da emigración.

O entusiasmo patriótico dos nosos emigrados queda referendado ata nas cabeceiras das cartas que envían, nas que figura unha extensa cita de Manuel Murguía que remata así: «[...] quieren que empecemos por el estudio del idioma que hablamos hace más de diez siglos. Hacen bien: pueblo que olvida su lengua, es pueblo muerto».

A Academia non é totalmente allea a calquera dos movementos reivindicativos que se suceden desde a súa fundación ata a guerra civil: Solidariedade, Irmandades da Fala, Seminario de Estudos Galegos, Partido Galeguista e Defensa do Estatuto.

Non intervén directamente nin protagoniza a institución estes capítulos pero sempre estarán presentes algúns dos seus membros significativos. Un exemplo desta presenza está na figura de Lugrís que percorre todas esas etapas con espírito loitador e con gran dignidade.

Non sempre é doado na linguaxe expositiva expresar todas estas arelas e degoiros construtivos do noso país pero sempre buscamos, coa complicidade do receptor futuro, mostrar este discurso noso que unhas veces se comunica a través da cabeceira dun xornal, outras a través das bandeiras despregadas, algunhas veces por medio dun cartel, que non renuncia en ocasións ao debate e que sempre quere mostrar a forza da palabra Galicia.

O DISCURSO DA CONFIGURACIÓN DO PAÍS

Carral, as arelas de liberación petrificadas

A mocidade galeguista, liderada por Antolín Faraldo, loitou en abril de 1846 cóbado con cóbado cos militares liberais na batalla de Cacheiras. Eles constituíron a primeira xeración galeguista consciente da necesidade da construción do país e levaron a súa paixón identitaria ao xornalismo, á literatura e ao debate social. **A** partir deste momento a palabra **Galicia** non é soamente un espazo xeográfico, é xa un lugar de encontro para os sentimentos patrios onde se concentran as esperanzas para facela ceibe e forte. O monumento que se levanta en Carral en 1904 por iniciativa da *Liga Gallega na Cruña* acredita este fito histórico como a pedra fundacional da nosa casa común. Comeza unha tradición lexitimadora dun proxecto político, unha serie de discursos e de prácticas dedicadas a fundar unha identidade.

Sabre de Solís.
As armas e demais pertenzas
do coronel non chegaron
a ser recollidas pola súa familia.
O concello de Carral fixo doazón
do sabre a Francisco Tettamancy
o que posibilitou o legado
ao Museo Arqueolóxico
e Histórico Castelo de
San Antón da Coruña



Maqueta do monumento aos Mártires de Carral

Sabre pertencente ao coronel Miguel Solís y Cuetos
9 x 100 x 12 cm
Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón. Concello da Coruña

Boletín Oficial de la Provincia de la Coruña
[coa relación oficial dos Mártires de Carral]
A Coruña, núm. 67 (29 de abril de 1846)
37 x 26 cm
Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón. Concello da Coruña

Francisco Tettamancy Gastón ***La revolución gallega de 1846***
A Coruña: Librería Regional de E. Carré, 1909. 2ª ed.
22 x 16 cm
Real Academia Galega

La Revolución. Periódico oficial de la Junta Superior de Galicia
Santiago de Compostela, núm. 1 (17 de abril de 1846)
32 x 22 cm
Museo de Pontevedra

Fotografía do retrato de Antolín Faraldo, de Francisco Sobrino
Foto Blanco, 1966
1 fot. Positivo: papel
Polícromo vertical
Revelado cromoxénico
9 x 13 cm
Real Academia Galega

"Lista nominal de los Escolares de esta Universidad que se presentaron al alistamiento en la tarde del 5 del mes p. mo. pasado cuio alistamiento se verificó en la Catedra de autos por una Junta permanente nombrada al efecto por el Comisionado de la Junta revolucionaria"
[manuscrito]
31 x 22 cm
Colección particular

Manuel Murguía ***Los Precursores***
A Coruña: Imprenta de La Voz de Galicia, 1885
(Biblioteca Gallega; 1)
19 x 13 cm
Real Academia Galega

Manuel Lugrís Freire nunha alocución ante o monumento aos Mártires de Carral
1931
1 fot. Negativo: cristal
Monocromo horizontal
Xelatina DOP
9 x 12 cm
Arquivo do Reino de Galicia
[Copia a partir do negativo:
Imaxefree, 2006
1 fot. Positivo: papel
Monocromo horizontal
Xelatina DOP
24 x 30 cm]

Caderno coa listaxe de subscricións para o monumento aos Mártires de Carral
[manuscrito]
31 x 11 cm
Real Academia Galega

Juan Do-Porto ***Reseña histórica de los últimos acontecimientos políticos de Galicia***
Madrid: Imprenta Viúda de Burgos, 1846
15 x 11 cm
Real Academia Galega

Francisco Tettamancy Gastón ***La revolución gallega de 1846***
A Coruña: Librería Regional de E. Carré, 1908. 1ª ed.
22 x 16 cm
Real Academia Galega

Invitación dirixida a Manuel Murguía para participar na inauguración oficial do monumento aos Mártires de Carral
A Coruña, 5 de maio de 1904
28 x 22 cm
Real Academia Galega

El Idólatra de Galicia. Periódico sabatino de literatura, ciencias y artes en jeneral, historia, moral y costumbres
Santiago de Compostela, núms. 1-17 (1841-1842)
21 x 16 cm
Real Academia Galega

El Centinela de Galicia. Periódico político, literario é industrial
A Coruña (1843-1844)
32 x 23 cm
Real Academia Galega



O nome de Antolín Faraldo entre outros voluntarios do Batallón Literario, escolares da Universidade de Santiago que se alistaron para loitar a prol da revolución



El Idólatra de Galicia.
A partir de 1840 a palabra Galicia ocupa as cabeceiras da prensa periódica do país



Caderno coa listaxe de subscritores para o monumento aos Mártires de Carral

A historiografía galega, da tradición á letra impresa

Non existe país sen historia, e Murguía, un dos grandes arquitectos da nación, quixo interpretar o seu mundo e decatouse da importancia de entender o presente a través do pasado. Así naceu a súa monumental *Historia de Galicia*, metáfora do espertar histórico do noso país, que rescatou vestixios do pasado para mellor comprender o presente.

Este afán historicista –coprotagonizado por Vicetto, Verea, Villaamil e outros– foi de grande estímulo para acadar conciencia nacional, pois a publicación de documentos históricos levou ao desenvolvemento da filoloxía e das restantes ciencias sociais. Ademais, o estudo do noso pasado levou a unha concepción da historia dun pobo, Galicia, como un proceso de evolución lóxica e non soamente como unha sucesión cronolóxica de acontecementos.

Retrato de Manuel Murguía



Deseño de busto de guerreiro celta presentado ao segundo concurso de proxectos do monumento a M. Curros Enríquez, organizado pola Real Academia Galega
Mariano Izquierdo y Vivas, 1928
Xeso
40 x 53 x 25 cm
Real Academia Galega

Manuel Murguía
Historia de Galicia
1865-1913. 5 vols.
23 x 17 cm
Real Academia Galega

Retrato de Manuel Murguía
Luís Artús, 1929
1 fot. Positivo: lenzo
Monocromo coloreado vertical
Xelatina DOP
36 x 47 cm
Real Academia Galega

Cianotipo dun debuxo do Torque da Recadieira
[20 de xaneiro de 1899]
1 fot. Positivo: papel
Monocromo horizontal
Cianotipo
23 x 31 cm
Real Academia Galega

Manuel Murguía
"Historia de Galicia"
[manuscrito autógrafo dos caps. 1º e 2º do volume V]
14 x 21 cm
Real Academia Galega

Apuntamentos e debuxos usados por Manuel Murguía para as súas investigacións históricas
Datas descoñecidas e autores diferentes
Real Academia Galega

Pluma de Manuel Murguía
12,3 x 1,7 x 1,2 cm
Arquivo Municipal da Coruña

José Verea y Aguiar
Historia de Galicia
Ferrol: Imprenta de D. Nicasio Taxonera, 1838
21 x 17 cm
Real Academia Galega

Benito Vicetto
Historia de Galicia
Ferrol: Establecemento tipográfico de Taxonera, 1865-1873. 7 vols.
26 x 19 cm
Real Academia Galega

Retrato en óvalo de Benito Vicetto
[1865-1875]
1 fot. Positivo: papel
Monocromo vertical
Albumina
9 x 10 cm
Real Academia Galega

Retrato de Benito Vicetto mozo
[1855-1865]
1 fot. Positivo: papel
Monocromo vertical
Albumina
9 x 10 cm
Real Academia Galega

Benito Vicetto *Los Hidalgos de Monforte. Historia caballeresca del siglo XV*
Madrid: Imprenta e Litografía de D. J. J. Martínez, 1857
22 x 17 cm
Real Academia Galega

Manuel Murguía
D. Diego Gelmírez
Madrid: Imprenta de Las Novedades, 1859
15 x 11 cm
Real Academia Galega

Antonio López Ferreiro
O castelo de Pambre. Leenda do sigro XV
Santiago de Compostela: Imprenta de Alende, 1895. 2ª ed.
17 x 12 cm
Real Academia Galega

Antonio López Ferreiro medindo o ancho da vía romana do Barbanza xunto a Eladio Oviedo Arce
Penaluya, [1890-1898]
1 fot. Positivo: papel
Monocromo horizontal
Colodión
11 x 17 cm
Real Academia Galega



Cianotipo do debuxo do Torque da Recadieira, enviado a Murguía para documentar e ilustrar a súa *Historia de Galicia*

Retrato de Benito Vicetto mozo



Manuscrito autógrafo da *Historia de Galicia* de Manuel Murguía tal como foi entregado a imprenta





O celtismo, a madureza dun pobo que adopta e acepta os seus mitos culturais

O mito do celtismo é un capítulo fundamental, fundacional, nesa estratexia textual destinada a narrar a nación, e preséntase como un crisol de significacións expresadas nos máis diversos xéneros e campos: arte, política, literatura –novela, ensaio, discurso, poesía– ciencia, etc. **T**odo mito supón unha xustificación e un desexo, e Galicia necesitou ese mito para explicarse a si mesma, para diferenciarse doutras culturas e dotarse de personalidade. Estudar o celtismo é introducirse na personalidade dunha cultura que aínda segue a loitar hoxe por reafirmarse. E a adopción e a aceptación popular do mito son as máximas expresións da súa propia madureza.


LEABAR GABALA

LIVRE

DES

INVASIONS

TRADUIT DE L'IRLANDAIS

POUR LA PREMIÈRE FOIS

PAR

HENRI LIZERAY WILLIAM O'DWYER

PARIS

MAISONNEUVE FRÈRES ET CH. LECLERC

1884



Edición francesa do *Leabar Gabala*. Este exemplar pertencente á Biblioteca Murguía tiña un papeliño sinalando a páxina onde figuraba a lenda de Breogán



Guerreiro celta por Narciso Pérez Rey

Henry Lizeray e William O'Dwyer
Leabar Gabala.
Livre des invasions
París: Maisonneuve Freres
et Ch. Leclerc, 1884
26 x 17 cm
Real Academia Galega

Florentino López Cuevillas
La civilización céltica en Galicia
Santiago de Compostela:
Porto y Cía. Eds., 1953
18 x 13 cm
Real Academia Galega

Ramón Barros Sivelo
Antigüedades de Galicia
A Coruña: Imprenta de
D. Domingo Puga, 1875
27 x 20 cm
Real Academia Galega

José Villaamil y Castro
Antigüedades prehistóricas
y célticas de Galicia
Lugo: Imprenta de Soto Freire,
1873
23 x 34 cm
Real Academia Galega

Carta da Irmandade Céltiga
en Madrid dirixida a
Antón Villar Ponte
[manuscrito]
Madrid, 9 de maio de 1921
28 x 22 cm
Real Academia Galega

Cartel do primeiro
Festival Celta de Ortigueira
1978
50 x 35 cm
Biblioteca Pública da Coruña
Miguel González Garcés

Cartel do Festival Céltico
[celebrado a beneficio
da Real Academia Galega]
Luís Seoane, 1964
Litografía
110 x 64 cm
Fundación Luís Seoane

Camiseta do Real Club Celta
de Vigo, asinada polos
xogadores e dedicada á
Real Academia Galega no
seu Centenario
Real Academia Galega

Chaqueta de chándal
do xogador Iván Modia do
Club de Baloncesto Breogán
Fundación Breogán

Paquete de cigarros
"Celtas selectos"
6 x 7 x 3 cm
Real Academia Galega

Paquete de cigarros
"Celtas extra. Hebra largos"
9 x 6 x 2 cm
Real Academia Galega

Paquete de cigarros
"Celtas"
6 x 7 x 3 cm
Real Academia Galega

Botella de auga Fontecelta
Vidro
26 x 9 cm
Real Academia Galega

Botella de Licor Breogán
Vidro
32 x 7 cm
Real Academia Galega

Botellas de Anís Celta
e Botella de Ponche Celta
Arquivo X. L. Axeitos

Leite Celta
Tetrabrick
23 x 10 x 7 cm
Real Academia Galega

Letreiro de Autos Celta
Colección particular

Cerámica Celta: tarifa núm. 13
[voandeira]
Padrón: Imprenta Solar, 1935
17 x 12 cm
Cerámica Celta-La Galería
Pontecesures

Papel secante
dos laboratorios Zeltia
Ca. 1950
Cartón
14,5 x 20 cm
Real Academia Galega

Xaquín Marín
O longo camiño de volta
dende as estrelas
Banda deseñada do Capitán
Zelta incluída no libro *2 Viaxes*
Madrid: Brais Pinto, 1975
31 x 21 cm
Colección particular

Colección de libros
da Editorial Céltiga
Antón Villar Ponte *Almas mortas. Novela dialogada cómico tráxica, en tres estancias* (núm. 3)
Alfonso D. Rodríguez Castelao *Un ollo de vidro. Memorias d'un esquelete* (núm. 7)
Euxenio Montes *O vello mariñeiro toma o sol; O aniño da debesa; Como na parábola de Peter Breughel* (núm. 10)
Ferrol: Imprenta e
Establecemento de El Correo
Gallego, 1922-1923
17 x 12 cm
Real Academia Galega

Colección de libros
da Imprenta Lar
Ramón Otero Pedrayo
Pantelas, home libre (núm. 8)
Vicente Risco
O lobo da xente (núm. 10)
Leandro Carré Alvarellos
O home que deu vida a un morto
(núm. 21)
A Coruña, 1925-1926
16 x 11 cm
Real Academia Galega

Raza Celta.
Órgano del Comité Autonomista
Gallego de Montevideo
Montevideo, núm. 3
(27 de maio de 1934)
40 x 29 cm
Real Academia Galega

Céltiga. Revista gallega de arte,
crítica, literatura y actualidades
Bos Aires, núms. 37-38
(25 de xullo de 1926)
29 x 20 cm
Real Academia Galega

Guerreiro Celta
Narciso Pérez Rey, 1928
Granito
108 x 48 x 78 cm
Museo de Pontevedra



Paquete de cigarros *Celtas* (Ca. 1957). Sendo director da Tabacalera José Moreno Torres, conde de Santa Marta de Babío, dispuxo esta marca para que fose elaborada na fábrica da Coruña

Como demostra este Festival celebrado en Bos Aires a beneficio da Real Academia Galega, a emigración nunca deixou de apoiar as nosas institucións representativas





Festival Celta de Ortigueira, 1978



Céltiga.
Revista publicada en Bos Aires



Chaqueta de chándal do xogador Iván Modia



Papel secante de Zeltia deseñado por Xaime Isla Couto

A cultura e as artes como recuperación do orgullo nacional

Os artistas e escritores do século XIX, implicados nos asuntos públicos, tomaron conciencia da súa responsabilidade social. Deste xeito, o noso Rexurdimento atopou a súa mellor expresión cultural na música e na literatura, artes públicas que contaban coa poderosa herdanza do pobo, a lingua e a canción popular.

A lingua, as lendas, as cancións eran o auténtico tesouro espiritual da nación que se encarnou nos orfeóns, nos xogos florais e nas agrupacións folclóricas. De modo que a tradición oral deixa de ser o pasado inerte para converterse en algo creativo, con enerxías e vida propia. E o pobo adopta un papel revolucionario e protagonista que vai ser a base dun novo concepto de humanismo. Papel fundamental, polo seu aspecto didáctico, van xogar as artes escénicas que mesmo forman parte do repertorio de orfeóns e corais posteriores.

Maqueta de escenografía teatral por Leandro Carré



Marcial Valladares "Partituras e letras de cancións"
[manuscritos autógrafos]
14 x 21 cm
Museo de Pontevedra

Programa primeiro Coro Aires da Terra
14 x 8 cm
Museo de Pontevedra

Gaita tumbal de Perfecto Feixoo
87 cm
Museo de Pontevedra

Cartel realizado por encargo da Coral de Ruada a Camilo Díaz Baliño para a primeira xeira por Sudamérica
[realizado a partir dunha témpera de Camilo Díaz Baliño]
A Coruña: Litografía e Imprenta Roel, 1931
Tinta
86 x 62 cm
Coral de Ruada

Francisco M.ª de la Iglesia "Sortilegios, Muiñeira, Gaitas y Zanfonas"
[manuscrito autógrafo con notas sobre cultura popular]
17 x 12 cm
Real Academia Galega

Deseño para as capas da Biblioteca Gallega de Andrés Martínez Salazar
23 x 17 cm
Real Academia Galega

Manuel Murguía *Los Precursores*
A Coruña: Imprenta de La Voz de Galicia, 1886
(Biblioteca Gallega; 1)
20 x 13 cm
Real Academia Galega

Folla autógrafa de Andrés Martínez Salazar cunha listaxe de obras editadas en "Biblioteca Gallega"
27 x 21 cm
Real Academia Galega

Pergameo coas sinaturas de persoeiros en homenaxe a Andrés Martínez Salazar
1897
78 x 61 cm
Real Academia Galega

Retrato de Andrés Martínez Salazar
1874
1 fot. Positivo: papel
Monocromo vertical
Xelatina DOP
5 x 6 cm
Real Academia Galega

Molde da man do músico galego Marcial del Adalid
Xeso
7 x 22 x 11 cm
Real Academia Galega

Pascual Veiga "Alborada gallega"
[partitura manuscrita]
22 x 63 cm
Real Academia Galega

Cartel do Almacén de música de Canuto Berea
Impreso en cor
63 x 150 cm
Arquivo F. López-Acuña

Maqueta de escenografía teatral
Leandro Carré, [ca. 1920]
Papel e cartón
38 x 56 x 30 cm
Arquivo Adela Carré

Galo Salinas *¡Filla...!*
A Coruña: Imprenta A Gutemberg, 1892
22 x 15 cm
Real Academia Galega

Estrea do drama "¡Filla...!" de Galo Salinas, no Teatro Principal da Coruña. Escena IV
Bello. 1903
1 fot. Positivo: papel
Monocromo horizontal
Colodión
11 x 17 cm
Real Academia Galega

Estrea do drama "¡Filla...!" de Galo Salinas, no Teatro Principal da Coruña. Escena VIII.
Bello, 1903
1 fot. Positivo: papel
Monocromo horizontal
Colodión
11 x 17 cm
Real Academia Galega

Maqueta da escenografía para a obra de Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte *O Mariscal*, realizada por Camilo Díaz Baliño
1º acto, 1º cadro
[1826-1830]
1 fot. sobre lámina asinada polo autor
Positivo: papel
Monocromo horizontal
Xelatina DOP
10 x 12 cm
18 x 23 cm
Real Academia Galega

Pano realizado por Camilo Díaz Baliño para a obra *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte
22 x 26 cm
Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside

Francisco M.ª de la Iglesia *A fonte do Xuramento*
A Coruña: Imprenta e esterotipia de Vicenzo Abade, 1882
20 x 13 cm
Real Academia Galega

Retrato de Francisco María de la Iglesia
Avrillón
[1880-1890]
1 fot. Positivo: papel
Monocromo vertical
Colodión
11 x 15 cm (tarxeta americana)
Arquivo Saurin de la Iglesia



Ao Señor Don Andrés Martínez Salazar

Os seus amigos, ao felicitalo no dia de hoxe, danlle probas da sua amistade e da sua gratitude pol-o moito que leva traballado en pro do renascemento da literatura gallega.

A Coruña, aos 30 días do mes de novembre do ano 1897.

Maqueta dun pano realizado por Camilo Díaz Baliño para a obra *O Mariscal*



Dúas escenas da estrea do drama *¡Filla...!* de Galo Salinas, Teatro Principal da Coruña. 1903





Partitura manuscrita da Alborada de Veiga con letra de Francisco María de la Iglesia destinada para orfeóns

Molde da man do músico galego Marcial del Adalid



As artes no discurso nacionalista

Parece natural que as artes, tradicionalmente dependentes dos encargos das clases dirixentes, como a arquitectura e a escultura e, en menor medida, a pintura tivesen máis dificultades para reflectir o rexurdimento dos ideais nacionalistas. Por este motivo onde é máis recoñecible o discurso construtivo en Galicia será no debuxo e no gravado, pola utilización destas técnicas no xornalismo e nas artes gráficas e polo barato da súa produción e reprodución.
Malia esta circunstancia, Galicia tamén xerou un discurso plástico que non pode estar ausente da nosa exposición. Dispoñemos neste proceso de galeguización das artes plásticas da obra iniciática de Dionisio Fierros dentro do costumismo hispánico, *Una romería en las cercanías de Santiago*.
Non faltan mostras relevantes dunha das primeiras manifestacións da nosa identidade como é a reivindicación da beleza da nosa paisaxe. En definitiva, un discurso plástico que fai un percorrido paralelo co obxectivo de vestir a nosa identidade.

Nesta *Mater Gallaeciae*, Luís Seoane mostra a súa vontade de remozar os temas da tradición galaica coa linguaxe das vangardas



"Una romería en las cercanías de Santiago"
Dionisio Fierros, ca. 1855-1858
Óleo sobre lenzo
191 x 333 cm
Colección particular

"Rapaza"
Carlos Maside
97 x 89 cm
Museo Municipal de Vigo
Quiñones de León

"Piñeiral"
Alfonso D. Rodríguez Castelao
Óleo sobre cartón
53 x 33 cm
Museo de Pontevedra

"Mar picado e lúa"
Luís Seoane, 1975
Óleo sobre lenzo
100 x 81 cm
Fundación Luís Seoane

"Paisaxe nocturna"
Camilo Díaz Baliño
Óleo sobre táboa
40 x 90 cm
Colección particular

"Mendigos Gallegos"
Arturo Souto Feijoo, 1937
Óleo sobre tela
150 x 150 cm
MNAC/MAN 145214

"Catedral S. XII"
Urbano Lugrís, ca. 1960
Óleo sobre táboa
128 x 90 cm
Colección Caixa Galicia

"Maternidade Celta"
Fernando A. de Sotomayor, 1931
100 x 80 cm
Óleo sobre lenzo
Colección Montenegro
Galería de Arte

"Paisaxe de Compostela"
Carlos Maside
Óleo sobre lenzo
46 x 38 cm
Pazo-Museo Quiñoñes de León

"Mater Gallaeciae"
Luís Seoane, 1961
Óleo sobre lenzo
162 x 97 cm
Asociación de Amigos do
Museo de Belas Artes da Coruña
(en depósito no Museo
de Belas Artes da Coruña)



Adiantándose a toda a arte peninsular, Dionisio Fierros viste por primeira vez a identidade galega. Non houbo ocasión de poder ver esta romaría única desde que se expuxo en Santiago (1858) hai século e medio

A lingua e a literatura, a responsabilidade de narrar a nación

No clima de rebeldía e preocupación social propiciados polo romanticismo, a fusión e ata confusión entre xornalismo e literatura foi unha constante en toda Europa. Esta asociación foi particularmente intensa nos países que estaban a punto de redescubrir a súa identidade nacional onde a aparición do primeiro dicionario, gramática ou colección de cantos populares era un acontecemento nacional.

A publicación de *Cantares Gallegos* (1863) de Rosalía de Castro, expresión cabal da fusión entre o pobo e a literatura, certifica a existencia dun discurso paralelo que tamén asume a responsabilidade de construír o país.

Retrato de Rosalía de Castro por Modesto Brocos. Único retrato coñecido feito en vida da escritora, que posou para o pintor



"Retrato de Rosalía de Castro"
Modesto Brocos, 1880
Óleo sobre lenzo
49 x 39 cm
Excma. Deputación Provincial da Coruña

Rosalía de Castro "Poemas"
[manuscrito autógrafo publicado na edición de *Cantares Gallegos* de 1909]
33 x 17 cm
Fundación Rosalía de Castro

Rosalía de Castro
"Castellanos de Castilla..."
[manuscrito autógrafo]
22 x 17 cm
Arquivo do Reino de Galicia

Rosalía de Castro "Lestrobe"
[manuscrito autógrafo]
14 x 10 cm
Real Academia Galega

Rosalía de Castro
Cantares gallegos
Vigo: Imp. de Juan Compañel, 1863
17 x 12 cm
Real Academia Galega

Album de la Caridad. Juegos Florales de la Coruña en 1861. Seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos
A Coruña: Imprenta do Hospicio Provincial, 1862
23 x 17 cm
Real Academia Galega

Xogos florais celebrados en Vigo, baixo a presidencia de Emilio Castelar
Alcázar, 1883
Xilografía. Cor
17 x 23 cm
Arquivo do Reino de Galicia

Antonio de la Iglesia
"Á lingua gallega"
[manuscrito autógrafo]
22 x 11 cm
Real Academia Galega

Francisco Añón
"Garrida como os amores"
[manuscrito autógrafo]
21 x 13 cm
Fundación Penzol

Juan Antonio Saco y Arce
"Literatura popular gallega"
[manuscrito autógrafo]
15 x 22 cm
Arquivo J. Luís Saco Cid

Retrato de Antonio de la Iglesia
Avrillón, [1880-1886]
1 fot. Positivo: papel
Monocromo vertical
Albumina
11 x 15 cm (tarxeta americana)
Real Academia Galega

Medalla dos Xogos Florais de Tui
Enrique Pérez, 1891
Bronce
7 x 6 x 8 cm
Real Academia Galega

O Vello do Pico-Sagro
A Coruña, núms. 1-5 (3 de marzo - 28 de abril de 1860)
24 x 17 cm
Real Academia Galega

O Tío Marcos d'a Portela. Parrafeos c'o pobo gallego
Ourense, parrafeo 217
(22 de febreiro de 1888)
30 x 22 cm
Real Academia Galega

O Galiciano. Parola gallega
Pontevedra, parola 15
(23 de novembro de 1884)
42 x 31 cm
Real Academia Galega

A Monteira. Somanario de intreses rexionales e literatura
Lugo, núm. 3
(19 de outubro de 1889)
33 x 24 cm
Real Academia Galega

Francisco Javier Rodríguez
"Diccionario gallego-castellano"
[manuscrito autógrafo]
33 x 24 cm
Real Academia Galega

Antonio de la Iglesia
El idioma gallego. Su antigüedad y vida
A Coruña: Imprenta de La Voz de Galicia, 1886
(Biblioteca Gallega; 3)
18 x 12 cm
Real Academia Galega

Andrés Martínez Salazar
Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI
A Coruña: Imprenta da Casa de Misericordia, 1911
23 x 17 cm
Real Academia Galega

Manuel Murguía
Los trovadores gallegos
A Coruña: Establecemento tipográfico de La Voz de Galicia, 1905
22 x 16 cm
Real Academia Galega

Alfonso IX de León
"Foro do bo Burgo do Castro Caldelas"
Ca. 1228
[publicado en 1891 na obra *Documentos escogidos de la casa de Alba*]
58 x 41 cm
Fundación Casa de Alba
Palacio de Liria
Bandejero núm. 2. Madrid

Castellanos de Castilla. Manuscrito autógrafo do emblemático poema de Rosalía de Castro. Anverso e reverso

— — — — — — — —

Castellanos de Castilla
Tender corazon d'aceiro
Alma com as penas dura
E sui entrañas o peito
Em tros de palla sentados
Sui fundamento soberbios
Pensais qu'os nosos filliños
Para seguiros nasceron.
É nunca tan toque idea
Tan criminal pensamento
Coipo en mais fátuos cabezas
Ni en mais fátuos sentimentos
Que Castilla é castellanos
Todos num montan á eito
Non valen ó que un-ha herbiña
D'estos nosos campos fresco.
Solo pezonosas charcas
Detidas no ardente suelo
Tei Castilla que humedezcan
Esos teos labios sedentos
Que ó mar deixonte olvidada
É longe de ti correron
As blandas aguas que traen
De prantas cen semilleros
Nin arbres que che den sombra
Nin sombra que preste alento...
Llanura é sempre llanura,
Deserto é sempre deserto....
Estro che to con cortada
Por herencia no universo

C

¡Miserables fanfarrones!
¡Triste herencia fin per cento!

Rosalia Castro de Murguia

MB 28432/1
N°28 261



VIGO (PONTEVEDRA.)—«JUEGOS FLORALES» CELEBRADOS EN EL TEATRO, BAJO LA PRESIDENCIA DEL SR. CASTELAR.
(Dibujo de Alcázar, segun cróquis remitido por el Sr. Ferrer Yañez.)

Xilografía dos Xogos Florais
celebrados en Vigo, 1883.
Unha das poucas imaxes
que lembran este tipo
de celebracións



Medalla conmemorativa
dos primeiros
Xogos Florais
do Rexionalismo
en Tui, 1891



DICCIONARIO

GALLEGO-CASTELLANO,

SU AUTOR, EL PRESBÍTERO

D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ,

AHORA DIFUNTO,

BIBLIOTECARIO QUE FUÉ DE LA UNIVERSIDAD LITERARIA DE SANTIAGO.

DALO Á LUZ LA GALICIA,

REVISTA UNIVERSAL DE ESTE REINO,

BAJO LA DIRECCION DE

D. ANTONIO DE LA IGLESIA Y GONZALEZ.

CORUÑA:

Imp. del Hospicio Provincial, á cargo de D. Mariano M. y Sandin.

1863.

O primeiro traballo lexicográfico publicado, póstumo, por entregas, grazas a Antonio de la Iglesia



Ano promeiro — Sábado 3 de Marzo de 1860. — Número un.

O VELLO DO PICO-SAGRO.

No Pico-Sagro famoso
na última romaría
do Santo San Bastian
hoube moitísima familia.
Ali s'atoparon homes
de tod'a nosa Galicia
cabaleiros, labradores
pastranas e siñoritas.
Da Ulla xa non se fala
por q'é do tarreo á ermida
e des q' hay guerra co mouro
non falla d' ali un vixia.
Pro viñenó de San Les
do Ribeiro e da Mariña
de Xallas e Cotobade
de Quiroga e de Mesia.
En fin, hastra do Cebreiro
se hachóu no Pico xentiña
e do chao de Mondañedo
e de Tuy e de Malpica.

Por decilo d' unha vez
fomegaban pol á piña
d' aquel sobrano picoto
gallegos coma formigas.
Eu non sey se pol o Santo
acó veu tod' á familia
ou algunha pol os mouros
ó Pico-Sagro viria.
Pró o que dúbida non teño
é que ogano xente viña
moita pór Don Bastian
q' estaba tamen de dias.
¡Don Bastian! ¡ay! ¡meu amo!
xa non tén tod'a Galicia
home mais bo, nin mais farto
anque veñ' acó Altamira
Dempois é un vello ¡Xesus!...
enténde d' estrelloguia
é un sabio d' os mais sabios
que Dios botóu n'esta vida.

Primiera publicación periódica escrita enteiramente en galego



O TIO MARCOS D' A PORTELA

PARRAFEOS C' O POBO GALLEGO

Ano décemo | Ourense 25 de Febreiro de 1888 | Parrafeo 217

UN LOBO OBRIGADO A DESEMPEÑAR VARIOS OFICIOS

Lingua e cultura popular dan o salto aos medios de comunicación

A política, porque unha patria non se constrúe só con palabras

A aparición do nacionalismo na política, superada a etapa liberal, está propiciada pola crenza de que a autodeterminación nacional non sería posible se non se conseguía unha autonomía política capaz de institucionalizar a nosa lingua e a nosa literatura. Esta reivindicación política coincide a finais do século XIX coa novidosa tendencia a definir a nación en termos lingüísticos. Pero só o poder político podía transformar o estatus das linguas minoritarias. **P**or este motivo, o nacionalismo galego antes de conformarse politicamente en 1931 como Partido Galeguista mostrouse como liberal, rexionalista ou como agrarista; as formas foron cambiando como traxes que o país abandonaba despois de usalos aínda que conservando sempre a defensa duns valores éticos que lle deron cohesión interna e prestixio social. Non descoñecía esta situación Manuel Lugrís cando no discurso de 1907 en Betanzos reclama para a cultura e para a lingua galega a limpeza moral de non ter asoballado o pobo.

Cartel do Estatuto de Galicia por Bernardino Vidarte Rivas. Cartel pouco coñecido que non figura nas monografías nin catálogos xa publicados. Vidarte (1910-1981), grande amigo de Cunqueiro, nacido na emigración americana, regresou a Galicia e foi, coma Seoane, un home comprometido co seu país



VOTAR O ESTATUTO

E VOTAR PORQUE NOS GOBERNEMOS CON

LEISES GALEGAS

NAIDE SABE DO NOSO MAIS QUE NOS

Imprenta Popular. — Mondoñedo

"La Junta de Defensa en la Cárcel. La Coruña, 21 de julio de 1893"
Bello, 1893
1 fot. Positivo: papel
Monocromo horizontal
Albumina
28 x 34 cm
Real Academia Galega

Oficio do presidente da Junta Organizadora de la Asociación Regionalista Gallega, na provincia de Ourense, dirixido a Manuel Murguía, Presidente da Asamblea Regionalista Central
[manuscrito]
Ourense, 23 de xaneiro de 1891
24 x 17 cm
Real Academia Galega

Regramento da sociedade Liga Gallega na Cruña
A Coruña: Imprenta e Librería de Carré, 1898
24 x 16 cm
Real Academia Galega

La Patria Gallega. Boletín-revista. Órgano oficial de la Asociación Regionalista
Santiago de Compostela, núm. 5 (30 de maio de 1891)
34 x 26 cm
Arquivo X. L. Axeitos

Alfredo Brañas
El regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario
[con dedicatoria a Manuel Murguía]
Barcelona: Jaime Molinas, 1889
20 x 14 cm
Fundación Rosalía de Castro

Manuel Murguía
El regionalismo gallego
A Habana: Imprenta e papelería La Universal, 1889
21 x 15 cm
Real Academia Galega

Retrato en óvalo de Alfredo Brañas
[1899-1900]
1 fot. Positivo: papel
Monocromo vertical
9 x 14 cm
Museo de Pontevedra

Circular impresa do Comité Central Regionalista de Galicia
Santiago, 2 de abril de 1893
32 x 21 cm
Real Academia Galega

Documento conmemorativo da Acta do Pacto de Lestrobe
36 x 46 cm
Arquivo Vázquez de la Hermida

A Nosa Terra. Boletín quincenal
A Coruña, núm. 159 (15 de marzo de 1922)
30 x 22 cm
Real Academia Galega

Baixorrelevo de Antón Villar Ponte
Francisco Asorey, 1936
Xeso
37 x 26 x 14 cm
Real Academia Galega

Homenaxe a Castelao en Lugo. Retrato de grupo
1932
1 fot. Positivo: papel
Monocromo horizontal
Xelatina DOP
9 x 14 cm
Real Academia Galega

Insignia do Partido Galeguista de Francisco Fernández del Riego
Metal e esmalte
Ca. 1935
4 x 2 cm
Fundación Penzol-Museo F. Fernández del Riego

Libro de constitución do Partido Galeguista. Pontevedra
[manuscrito]
1931-1932
33 x 22 cm
España. Ministerio de Cultura. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

Rexistro de afiliados do Partido Galeguista
1931-1934
32 x 22 cm
España. Ministerio de Cultura. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

Cartel do Estatuto de Galicia
Bernardino Vidarte Rivas, 1936
64 x 44 cm
Real Academia Galega



A Asociación Rexionalista asumiu a defensa da sede da Capitanía na Coruña porque representaba o derradeiro vestixio institucional do Reino de Galicia

Oficio do presidente da Asociación Regionalista Gallega de Ourense, dirixido a Manuel Murguía



Presidentes honorarios
Don Manuel Murguia.
Don Alberto Garcia Ferreiro
Don Valentin Lamas Carvajal

Presidente
Don Ramón Fernandez Cid.

Vicepresidente
Don Benito Fernandez Alonso.

Vocales
Don Alberto Romero Peiro.
Don Ernesto Garcia Velasco.
Don Antonio Rodriguez Iglesias.
Don Vicente Gonzalez Pardo.
Don Javier Gaite Neves.
Don Luciano Cid Hermida.

Secretarios
Don Luis Diéguez Gayón.
Don Enrique Cantón Alvarado.

Tengo el honor de comunicar á Vd, en cumplimiento de uno de los acuerdos tomados en sesión de 19 del corriente, que la Junta organizadora de la Asociación Regionalista Gallega en esta provincia, ha quedado constituida en la forma que al margen se expresa.

Dios gue á Vd. m.ª a.ª
Orense 23 de Enero de 1891

Sr. Presidente de la Asamblea regionalista central.



Baixorrelevo de homenaxe a Antón Villar Ponte no ano da súa morte, por Asorey

Pormenor da primeira páxina *d'A Nosa Terra*. O voceiro político solemniza e canoniza a súa ideoloxía



e nas suas colonias

ANO MCMXXII

Decálogo do Nacionalismo Galego

I
Autonomia de Galicia.

II
Autonomia municipal.

III
Co-oficialidade dos idiomas galego e castelan.

IV
Igualdade de direitos civis e políticos para a mulher e para o home.

V
Representación proporcional e non-elisibilidade dos que non ciedan función útil para a colectividade.

VI
Sustantividade do dereito foral galego.

VII
A terra para os que a traballan, e libre de gravames.

VIII
Repoboación forestal forzosa.

IX
Entrega á propiedade particular das terras incultas do Estado.

X
Libre cambio.

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Coruña, mes, 40 cénts.; Fora, trimestre, 1'50 pe-



Documento conmemorativo
da Acta do Pacto de Lestrobe



2

que han formar o Consello Executivo. Praiticado o escrutinio resultano ser:

Alfonso R. Castelao — Presidente
Antón Iglesias Vilarelle — Vicepresidente
Xoan Vidal Martínez — Segredario
Sergio Sánchez-Puga — Depositario
Eduardo Alexandro Ferrín — Contador
Luís Pintos Fonseca — Bibliotecario
Sebastián Gonzalez Gª } Conselleiros
Carlos García Cabezas }

Eisí constituído legalmentes o Grupo, dense por rematada a xuntanza, acordando levantar ista acta que firman todos os presentes, e que o irmán Segredario expida certificado da mesma pra remitir ô Goberno Civil ôs efeitos legaes.

Alfonso R. Castelao

3

Acta número dous

Sesión do 3 de Nadal do 1931

As sete do serán do día de hoxe, xuntouse o Grupo Nazonalista de Pontevedra no seu local social e baixo a presidenza do Sr. Iglesias Vilarelle pra estudar a poñenza prô programa do Partido Galeguista que abranguerá todal-as entidás ou grupos de ideario autonomista e nazonalista da Nosa Terra.

